



ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAFICO DO CONCELLO DE GUITIRIZ



INDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TITULO PRELIMINAR - DO OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo -1- Obxecto

Artigo -2- Ámbito de aplicación

Artigo -3- Normas subsidiarias

Artigo -4- Competencias municipais

Artigo -5- Funcións do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, e os axentes encargados da vixilancia do tráfico

TÍTULO I - NORMAS XERAIS DO TRÁNSITO NA CIRCULACIÓN URBANA E SEGURIDADE VIARIA

Artigo -6- Usuarios

Artigo -7- Condutores, ocupantes, titulares e/ou arrendadores de vehículos e outros usuarios

Artigo -8- Sentido da circulación

Artigo -9- Utilización da calzada e beiravías

Artigo -10- Dos axentes encargados da vixilancia do tráfico

Artigo -11- Sinais dos axentes de tráfico

Artigo -12- Regulación do tráfico por persoas distintas aos axentes de tráfico

TITULO II.- DA SINALIZACIÓN VIARIA

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS E COMPETENCIA

Artigo -13- Normas xerais

Artigo -14- Competencia e responsabilidade da sinalización

Artigo -15- Catálogo oficial de sinais e marcas viarias

Artigo -16- Inscripcións

Artigo -17- Aplicación e obediencia dos sinais

Artigo -18- Obrigacións relativas ao mantemento, retirada, substitución e alteración de sinais

Artigo -19- Circunstancias que modifiquen a sinalización

Artigo -20- Prevalencia dos sinais de circulación

Artigo -21- Idioma dos sinais de circulación

Artigo 22.- Prohibicións

CAPÍTULO II - AUTORIZACIÓN DE SINALIZACIÓN

Artigo -23- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación

CAPÍTULO III - SINALIZACIÓN DE OBRAS E OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo -24- Normas xerais

Artigo -25- Comunicación á autoridade responsable do tráfico

Artigo -26- Obstáculos á circulación

Artigo -27- Sinalización complementaria

Artigo -28- Execución subsidiaria



TITULO III - DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS

CAPITULO I - CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR, CICLOMOTORES E OUTROS VEHÍCULOS

Artigo -29- Normas xerais

Artigo -30- Restricións á circulación de vehículos de determinadas categorías

CAPÍTULO II - CIRCULACIÓN DE BICICLETAS

Artigo -31- Definición e exclusións

Artigo -32- Normas xerais

Artigo -33- Prioridade de paso de ciclistas

Artigo -34- Interacción entre bicicletas e vehículos a motor

Artigo -35- Outras normas na circulación de bicicletas

Artigo -36- Estacionamento de bicicletas

CAPITULO III - CIRCULACIÓN DOUTROS TIPOS DE ENXEÑOS MECÁNICOS

Artigo -37- Circulación de aparellos de mobilidade persoal

Artigo -38- Circulación doutros tipos de enxeños mecánicos

CAPITULO IV - CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS EN RÉXIME DE TRANSPORTE ESPECIAL

Artigo -39- Concepto de vehículo en réxime de transporte especial

Artigo -40- Autorización para a circulación de vehículos en réxime de transportes especiais

Artigo -41- Condicións de realización dos transportes especiais

Artigo -42- Normativa xeral

CAPITULO V - CIRCULACIÓN DE ANIMAIS E VEHÍCULOS DE TRACCIÓN ANIMAL

Artigo -43- Circulación de animais

Artigo -44- Circulación de vehículos tracción animal

CAPITULO VI - VELOCIDADES

Artigo -45- Velocidades nas vías públicas

CAPÍTULO VII - IMPACTO AMBIENTAL

Artigo -46- Normas xerais

TÍTULO IV - DOS PEÓNS E ZONAS PEONÍS

CAPÍTULO I - CIRCULACIÓN DE PEÓNS

Artigo -47- Circulación de peón

Artigo -48- Sinalización e utilización dos pasos de peóns

CAPÍTULO II - ZONAS PEONÍS E DE PRIORIDADE PEONIL

Artigo -49- Zona peonil

Artigo -50- Autorizacións

Artigo -51- Zonas de prioridade peonil

TÍTULO V - DA CARGA E DESCARGA

CAPÍTULO I - DA CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS

Artigo -52- Conceptos xerais

Artigo -53- Forma de realización

Artigo -54- Vehículos



CAPÍTULO II - LUGARES E HORARIOS AUTORIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS

Artigo -55- Normas xerais

Artigo -56- Zonas reservadas para carga e descarga

Artigo -57- Horarios de carga e descarga

Artigo -58- Limitacións

CAPÍTULO III - OUTRAS ACTIVIDADES DE CARGA E DESCARGA

Artigo -59- Normativa específica

Artigo -60- Carga e descarga en obras

Artigo -61- Carga e descarga de combustibles líquidos e gases licuados

Artigo -62- Carga e descarga de vehículos en concesionarios ou puntos de venda

Artigo -63- Aprovisionamento de superficies comerciais e almacéns

TITULO VI - DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo -64- Normas xerais de parada e estacionamento

Artigo -65- Distancias

Artigo -66- Forma de realización

Artigo -67- Lugares perigosos ou que obstaculizan a circulación

CAPÍTULO II - PARADAS

Artigo -68- Concepto

Artigo -69- Forma de efectuar a parada

Artigo -70- Lugares prohibidos

CAPÍTULO III - ESTACIONAMENTOS

Artigo -71- Concepto

Artigo -72- Forma de efectuar o estacionamento

Artigo -73- Lugares prohibidos

Artigo -74- Remolques

Artigo -75- Estacionamento de camiós, autobuses e vehículos especiais

CAPÍTULO IV - ESTACIONAMENTO GRATUITO REGULADO CON HORARIO LIMITADO "PARKING EXPRESS"

Artigo -76- Normas xerais

Artigo -77- Sinalización e control das zonas "Parking Express"

TÍTULO VII - DAS AUTORIZACIÓNS DE ACCESO E RESERVAS PARA VEHÍCULOS

CAPÍTULO I - DOS VAOS PERMANENTES

Artigo -78- Norma xeral das autorizacións e reservas para entrada e saída de vehículos

Artigo -79- Obrigacións do titular de vao

Artigo -80- Tipos de licenzas de vao

Artigo -81- Autorización de licenzas de vaos

Artigo -82- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos

Artigo -83- Sinalización das entradas de vehículos

Artigo -84- Desperfectos en beirarrúas por reservas para entrada e saída de vehículos



Artigo -85- Suspensión provisional dos dereitos

Artigo -86- Revogación das licenzas de vao

Artigo -87- Supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación

CAPÍTULO II - DAS RESERVAS DE PARADAS E ESTACIONAMENTO

Artigo -88- Normas xerais sobre reservas de paradas e estacionamento

Artigo -89- Reservas de estacionamento para hoteis ou aloxamentos

Artigo -90- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos

Artigo -91- Sinalización e vixilancia das reservas

Artigo -92- Reservas de estacionamento restrinxidas a uso oficial

Artigo -93- Reservas de estacionamento a condutores con discapacidade

Artigo -94- Paradas de Taxis, Ambulancias, Transporte Público e Escolar

TÍTULO VIII - DO USO, OCUPACIÓN E ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA

Artigo -95- Actividades en xeral

Artigo -96- Mudanzas

Artigo -97- Colectores para obras e sacas de cascallos

Artigo -98- Casetas de obras

Artigo -99- Estadas, estruturas de obras e maquinaria para construción, mantemento ou rehabilitación de edificios

Artigo -100- Probas de carácter deportivo

Artigo -101- Actividades audiovisuais. Concepto e autorización

Artigo -102- Práctica de Xogos. Norma xeral

TÍTULO IX - DAS MEDIDAS PROVISIONAIS

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo -103- Normas xerais

CAPÍTULO II - DA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS

Artigo -104- Da inmovilización de vehículos

Artigo -105- Situacións de risco grave para a circulación, as persoas ou os bens

Artigo -106- Outros supostos de inmovilización do vehículo

Artigo -107- Procedemento e efectos da inmovilización

CAPÍTULO III - DA RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA

Artigo -108- Competencia municipal

Artigo -109- Situacións en que procede a retirada e depósito dun vehículo

Artigo -110- Situacións que constitúen perigo

Artigo -111- Situacións que causan grave perturbación da circulación

Artigo -112- Situacións de perturbación do funcionamento de servizos públicos e deterioración do patrimonio público ou da vía

Artigo -113- Procedemento e efectos da retirada e depósito de vehículos

CAPÍTULO IV - DA RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS POR MOTIVOS DISTINTOS DE INFRACCIÓN



Artigo -114- Situacións de aplicación

CAPÍTULO V - DA RETIRADA DE VEHÍCULOS E OBXECTOS POR CAUSA DE ABANDONO E O SEU TRATAMENTO

Artigo -115- Prohibición de abandono de vehículos

Artigo -116- Situacións de abandono de vehículos

Artigo -117- Consideración de residuo

Artigo -118- Exclusiones

Artigo -119- Abandono de bicicletas

Artigo -120- Tratamento residual do vehículo

Artigo -121- Tramitación administrativa

Artigo -122- Procedemento de retirada

Artigo -123- Adscrición de vehículos abandonados

Artigo -124- Retirada de elementos e obxectos da vía pública

TÍTULO X - DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

CAPÍTULO I - DAS INFRACCIÓN

Artigo -125- Disposicións xerais

Artigo -126- Persoas responsables

Artigo -127- Clasificación das infraccións

Artigo -128- Infraccións leves

Artigo -129- Infraccións graves

Artigo -130- Infraccións moi graves

Artigo 131.- Da denuncia de infraccións

CAPÍTULO II - DAS SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo -132- Contía das sancións

Artigo -133- Graduación das sancións

Artigo -134- Redución das sancións

Artigo -135- Concorrenza de infraccións

Artigo -136- Competencia sancionadora

Artigo -137- Procedemento sancionador

Artigo -138- Convenios de colaboración

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Autorizacións

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Aplicación de taxas

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Procedemento de medición do nivel de ruído dos vehículos e outras emisións contaminantes

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta Ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Actualizacións das contías das sancións de multa

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

ANEXOS

ANEXO I - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓN





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lexislación de carácter estatal en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria, integrada principalmente polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os regulamentos que o desenvolven, aínda que moi ampla no seu contido, ten un carácter xeneralista, como propiamente lle corresponde, e non recolle a regulación pormenorizada e específica que os municipios en xeral, e especialmente aqueles que polo seu tamaño e poboación dispoñan dunha rede viaria urbana de certa dimensión -entre os que indubidablemente se atopa Guitiriz- necesitan para o exercicio das competencias que a lei lles atribúe na devandita materia.

Consciente deste feito, o lexislador previu, e así o plasmou no art. 7. b) do citado Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, que sexan os concellos mediante ordenanza os que emitan a normativa específica e propia que requira o exercicio das súas competencias e en concreto a de regulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade e que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social.

É por iso, que o Concello de Guitiriz, en exercicio da autonomía para a xestión dos intereses que lle son propios outorgada pola Constitución Española no seu artigo 137; da súa potestade regulamentaria recoñecida polo artigo 4.1 apartado a) da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local; da competencia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas e do transporte público de viaxeiros outorgada polo artigo 25 da mesma norma e do establecido polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria creou a presente ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO que se estrutura nun Título Preliminar, Dez Títulos, Tres Disposicións Adicionais, Unha Disposición Transitoria, dúas Disposicións Finais, Unha Disposición Derrogatoria e Un Anexo, que recollen o seguinte contido:

TÍTULO PRELIMINAR. OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS DO TRÁNSITO NA CIRCULACIÓN URBANA E SEGURIDADE VIARIA.

TÍTULO II.- DA SINALIZACIÓN VIARIA.

CAPÍTULO I.- Normas xerais e competencia.

CAPÍTULO II.- Autorizacións de sinalización.

CAPÍTULO III.- Sinalización de obras e obstáculos na vía pública.

TÍTULO III.- DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS.

CAPÍTULO I.- Circulación de vehículos a motor, ciclomotores e outros vehículos.

CAPÍTULO II.- Circulación de bicicletas.

CAPÍTULO III.- Circulación doutros tipos de enxeños mecánicos.

CAPÍTULO IV.- Circulación de vehículos en réxime de transporte especial.

CAPÍTULO V.- Circulación de animais e vehículos de tracción animal.

CAPÍTULO VI.- Velocidades.

CAPÍTULO VII.- Impacto ambiental.



TÍTULO IV.- DOS PEÓNS E ZONAS PEONÍS.

CAPÍTULO I.- Circulación de peóns.

CAPÍTULO II.- Zonas peonís e de prioridade peonil.

TÍTULO V.- DA CARGA E DESCARGA.

CAPÍTULO I.- Da carga e descarga de mercancías.

CAPÍTULO II.- Lugares e horarios autorizados para a carga e descarga de mercancías.

CAPÍTULO III.- Outras actividades de carga e descarga.

TÍTULO VI.- DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS.

CAPÍTULO I.- Normas xerais.

CAPÍTULO II.- Paradas.

CAPÍTULO III.- Estacionamentos.

CAPÍTULO IV.- Estacionamento gratuito regulado con horario limitado “Parking Express”.

TÍTULO VII.- DAS AUTORIZACIÓNS DE ACCESO E RESERVAS PARA VEHÍCULOS.

CAPÍTULO I.- Dos vaos permanentes.

CAPÍTULO II.- Das reservas de estacionamento.

TÍTULO VIII.- DO USO E ACTIVIDADES DA VÍA PÚBLICA DISTINTAS DO TRÁFICO.

TÍTULO IX.- DAS MEDIDAS PROVISIONALES.

CAPÍTULO I - Normas xerais.

CAPÍTULO II.- Da inmovilización de vehículos.

CAPÍTULO III.- Da retirada e depósito de vehículos da vía pública.

CAPÍTULO IV.- Da retirada e depósito de vehículos por motivo distinto de infracción.

CAPÍTULO V.- Da retirada de vehículos e obxectos por causa de abandono e o seu tratamento.

TÍTULO X.- DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

CAPÍTULO I.- Das infraccións.

CAPÍTULO II.- Das sancións e procedemento sancionador.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Autorizacións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Aplicación de taxas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Procedemento de medición do nivel de ruído dos vehículos e outras emisións contaminantes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Actualizacións das contías das sancións de multa.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.



DISPOSICIÓN
DERROGATORIA.

ANEXO I.- Cadro de Infraccións e Sancións.



TITULO PRELIMINAR - DO OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo -1- Obxecto

1. Esta ordenanza ten por obxecto o desenvolvemento das competencias que ten atribuídas o Concello de Guitiriz en materia de tráfico, circulación, estacionamento e seguridade viaria sobre as vías urbanas e calquera espazo aberto á libre circulación de persoas, animais e vehículos comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación.

As disposicións desta ordenanza conforman os dereitos e os deberes dos peóns e ciclistas, dos condutores de vehículos a motor e sen motor, tanto de servizo público como particulares, dos titulares de vehículos e das actividades de transporte, os dos titulares das licenzas de vao e, en xeral de calquera usuario da vía que pretenda a realización de actividades que afecten a esta ou precisen autorización municipal para a súa realización.

2. Constitúe a finalidade principal da presente ordenanza, regular a circulación de vehículos e peóns, compatibilizandoa necesaria fluidez do tráfico co uso peonil das rúas e regular así mesmo a realización doutros usos e actividades nas vías urbanas comprendidas dentro do termo municipal e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida ao concello para preservar e fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes, e prestar especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade e mobilidade reducida, co fin de favorecer a súa integración social.

3. Cando as circunstancias así o requiran, adoptaranse as medidas especiais de regulación e ordenación do tránsito, coa prohibición ou restrición da circulación de vehículos, a canalización das entradas e saídas da vila por determinadas vías ou a reordenación do estacionamento.

Artigo -2- Ámbito de aplicación

Os preceptos desta ordenanza serán aplicables en todo o termo municipal, nas vías urbanas e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida ao Concello, obrigando aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos aptos para a circulación, aos das vías e terreos que, sen ter tal aptitude sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Artigo -3- Normas subsidiarias

Naquelas materias non reguladas expresamente pola ordenanza, aplicarase o Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, as súas posteriores modificacións e os regulamentos de desenvolvemento.

Artigo -4- Competencias municipais

O Concello de Guitiriz exercerá as competencias que lle son encomendadas no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, as que lle atribúa a lexislación de Réxime Local e as demais que resulten de aplicación aos municipios.

Artigo -5- Funcións do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, e os axentes encargados da vixilancia do tráfico

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico é o encargado da concepción, planificación, deseño, formulación e supervisión técnica da circulación e o transporte nas vías incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza, así como da sinalización viaria e da expedición das autorizacións relacionadas coas atribucións anteriores e calquera outras previstas na presente ordenanza, salvo que a súa concesión correspondese a outro órgano superior.

2. Son axentes encargados da vixilancia do tráfico, os integrantes do Corpo da Policía Local do Concello de Guitiriz e os que en virtude da aplicación do artigo 6, puntos 1 e 3 da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación das Policía Locais de Galicia puidesen prestar os seus servizos no mesmo. Terán como funcións as establecidas no artigo 10 desta ordenanza así como as atribuídas na letra b do



número 1 do artigo 53 da Lei Orgánica 2/86, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e no exercicio desas funcións, terán a consideración de axentes da autoridade.

TÍTULO I-NORMAS XERAIS DO TRÁNSITO NA CIRCULACIÓN URBANA E SEGURIDADE VIARIA

Artigo -6- Usuarios

1. Tódolos os usuarios da vía pública e aquelas persoas que coas súas accións ou omisións poidan afectala, teñen que comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación de persoas e vehículos. Ademais, deben extremar a precaución e realizar as dilixencias oportunas para non causar prexuízo, ou molestias innecesarias, ou perigo para si mesmos ou para outros usuarios, ou danar os bens.
2. Nas vías e lugares obxecto de aplicación da presente ordenanza queda prohibida a realización de calquera actividade destinada a organizar o estacionamento de vehículos, ordenalo en calquera forma ou dirixir e asistir á xeneralidade dos condutores na realización das manobras correspondentes. Exceptúanse desta prohibición as actuacións dos axentes da autoridade e das persoas legal ou regulamentariamente habilitadas no exercicio das súas funcións así como daquelas que fosen autorizadas ou destinadas a tal finalidade polo Órgano Municipal de Goberno con competencias en materia de tráfico.
3. Tódolos os usuarios da vía pública están obrigados a cumprir os preceptos desta ordenanza, e da normativa vixente en materia de circulación de peóns e vehículos. Ao mesmo tempo están obrigados a colaborar coas autoridades ou os seus axentes, para facilitar a súa tarefa e o cumprimento das súas funcións, ademais de seguir as súas indicacións para evitar perigo, riscos ou obstáculos para a circulación de vehículos ou o tránsito de peóns.
4. Cando a Autoridade encargada do tráfico, por situacións de urxencia, dispositivos especiais de tráfico ou outras circunstancias excepcionais, solicite o auxilio e colaboración doutras Forzas ou Corpos de Seguridade, de Voluntarios de Protección Civil ou doutras organizacións ou institucións, as indicacións destes deberán ser igualmente respectadas polos usuarios das vías públicas a que se refire esta ordenanza.

Artigo -7- Condutores, ocupantes, titulares e/ou arrendadores de vehículos e outros usuarios

1. Son obrigacións dos condutores e, no seu caso, dos ocupantes dos vehículos e doutros usuarios:
 - a) Utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e atención necesarias para evitar todo dano, propio ou alieo, coidando de non poñer en perigo, tanto a si mesmo como aos demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.
 - b) Verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.
 - c) Estar en todo momento en condicións de controlar o seu vehículo. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, debe adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns e persoas con discapacidade ou con problemas de mobilidade.
 - d) Manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garantan a súa propia seguridade, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencias entre o condutor e calquera deles.
 - e) Utilizar, tanto o condutor como os ocupantes dos vehículos, o cinto de seguridade, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguridade nas condicións e coas excepcións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente. Os condutores profesionais, cando presten servizo público a terceiros, non se considerarán responsables do incumprimento desta norma por parte dos ocupantes



do vehículo.

f) O condutor dun vehículo está obrigado a someterse ás probas para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo nos termos e casos legalmente establecidos, que se practicarán polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas. Igualmente quedan obrigados os demais usuarios da vía cando se atopen implicados nun accidente de tráfico ou cometan unha infracción conforme ao tipificado na presente ordenanza e demais lexislación vixente en materia de tráfico e circulación.

As actuacións e procedementos relativos á materia regulada no presente punto levaranse a cabo na súa totalidade de acordo co establecido na normativa de carácter xeral.

2. Prohíbese aos condutores:

a) Conducir utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á condución, excepto durante a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de condución nos termos queregulamentariamente se determinen.

b) Conducir utilizando dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares.

Quedan exentos de devandita prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

c) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente, permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan o pai, a nai, o titor ou unha persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

d) Instalar ou levar nos vehículos inhibidores de radares ou cinemómetros, ou calquera outro instrumento encamiñado a eludir ou a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico, así como emitir ou facer sinais con devandita finalidade. Así mesmo prohíbese utilizar mecanismos de detección de radares ou cinemómetros.

Quedan excluídos desta prohibición os mecanismos de aviso que informan da posición dos sistemas de vixilanciado tráfico.

e) Prohíbese botar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios ou, en xeral, poñer en perigo a seguridade viaria.

f) Circular polas vías obxecto desta ordenanza conducindo calquera vehículo con taxas de alcohol superiores ás queregulamentariamente se determine ou con presenza de drogas no organismo.

As actuacións e procedementos relativos á materia regulada no presente punto levaranse a cabo na súa totalidade de acordo co establecido na normativa de carácter xeral.

3. Son obrigacións do titular e, de ser o caso, do arrendatario dun vehículo:

a) Actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que leva consigo a súa utilización, manténdoo nas condicións legal e regulamentariamente establecidas.

b) Sometelo aos recoñecementos e inspeccións técnicas que legalmente correspondan.

As actuacións e procedementos relativos á materia regulada no presente punto levaranse a cabo na súa totalidade de acordo co establecido na normativa de carácter xeral.

c) Impedir que sexa conducido por quen nunca obteña o permiso ou a licenza de condución correspondente.

d) Facilitar á Administración nos termos regulamentariamente establecidos a identificación do condutor do vehículo no momento de cometerse unha infracción.



Artigo -8- Sentido da circulación

1. Como norma xeral e moi especialmente nas curvas e cambios de rasante de reducida visibilidade, o vehículo circulará en todas as vías obxecto desta ordenanza pola dereita e o máis cerca posible do bordo da calzada, mantendo a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguridade.
2. Dentro dos dispositivos especiais tráfico que se poidan establecer con motivo de obras, celebracións, probas deportivas ou acontecementos puntuais, previa sinalización, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, poderá establecer situacións excepcionais.
3. Cando razóns de seguridade ou fluidez da circulación, ou por motivos medio ambientais, poderase ordenar pola autoridade competente outro sentido de circulación, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral ou para determinados vehículos, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos, ou a utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ao normalmente previsto.
4. Cando na vía existan refuxios, illotes ou dispositivos de guía, circularase pola parte da calzada que quede á dereita destes, no sentido da marcha, salvo cando estean situados nunha vía de sentido único ou dentro da parte correspondente a un só sentido de circulación, nese caso poderá facerse por calquera dos dous lados.

Artigo -9- Utilización da calzada e beiravías

1. O condutor de calquera vehículo de tracción animal, vehículo especial con masa máxima autorizada non superior á que regulamentariamente se determine, ciclo, ciclomotor, vehículo para persoas de mobilidade reducida ou vehículo en seguimento de ciclistas, no caso de que non exista vía ou parte da mesma que lles estea especialmente destinada, debe circular pola beiravía da súa dereita, se fose transitable e suficiente, e, se non o fose, debe utilizar a parte imprescindible da calzada.

Debe tamén circular pola beiravía da súa dereita ou, nas circunstancias a que se refire este apartado, pola parte imprescindible da calzada o condutor de motocicletas, de turismos e de camións con masa máxima autorizada, que non exceda da que regulamentariamente se determine, que, por razóns de urxencia, o fagan a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación.

2. Prohíbese que os vehículos relacionados no apartado anterior circulen en posición paralela, salvo as bicicletas, nos termos que regulamentariamente se determinen atendendo ás circunstancias da vía ou á perigosidade do tráfico.
3. Cando se circule por calzadas con polo menos dous carrís reservados para o mesmo sentido, delimitados por marcas lonxitudinais, o ciclista, o condutor dun automóbil ou dun vehículo especial, poderá utilizar o que mellor conveña ao seu destino, sempre que non obstaculice a circulación dos demais vehículos, e non deberá abandonalo máis que paraprepararse a cambiar de dirección, adiantar, parar ou estacionar.

Para o cómputo de carrís, para os efectos do disposto no apartado anterior, non se terá en conta os destinados ao tráfico lento nin os reservados a determinados vehículos.

Artigo -10- Dos axentes encargados da vixilancia do tráfico

1. Corresponde aos axentes encargados da vixilancia do tráfico, a disciplina e vixilancia da seguridade viaria, así como o fomento da mobilidade, e entre outras, as funcións de ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico nas vías de titularidade municipal e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida ao Concello así como a inmovilización e retirada a depósito dos vehículos nos casos que legalmente proceda. Así mesmo, correspóndelles regular o tráfico mediante as súas indicacións e sinais, a vixilancia e de ser o caso denuncia das infraccións que se cometan contra os preceptos da presente ordenanza, a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os regulamentos que a desenvolvan, de acordo coa normativa vixente e disposicións que diten os órganos e autoridades con competencias en materia de tráfico.



Tamén lles corresponde aos axentes de tráfico instruír atestados, por accidentes de circulación dentro do casco urbano e nas vías interurbanas cuxa competencia fose cedida ao Concello, e a prestación de auxilio, nos casos de accidente.

2. Os sinais e indicacións que, no exercicio da facultade de regulación do tráfico, efectúen os axentes de tráfico obedeceranse coa máxima celeridade e prevalecerán sobre calquera outra.

Artigo -11- Sinais dos axentes de tráfico

1. Os axentes de tráfico que estean regulando a circulación farano de forma que sexan facilmente recoñecibles como tales a distancia, tanto de día como de noite, e os seus sinais que han de ser visibles e as súas ordes, deben ser inmediatamente obedecidas polos usuarios da vía.

2. Tanto os axentes de tráfico que regulen a circulación, o persoal de obras e o de acompañamento dos vehículos en réxime de transporte especial, que regulen o paso de vehículos e, se é o caso, as patrullas escolares, o persoal de Protección Civil e o de organizacións de actividades deportivas ou de calquera outro acto, deberán utilizar pezas de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores que permitan aos condutores e demais usuarios dává que se aproximen distinguiilos a unha distancia mínima de 150 metros.

3. Os axentes de tráfico poderán regular o tráfico mediante sinais co brazo ou a través dos medios e mediante as formas recollidas no Regulamento Xeral de Circulación ou a norma que sexa aplicable.

4. A forma e significado dos sinais e ordes dos axentes de tráfico axustaranse ao que establece o Catálogo Oficial de Sinais de Circulación, ou de ser o caso, o que sexa de aplicación.

Artigo -12- Regulación do tráfico por persoas distintas aos axentes de tráfico

1. En ausencia de axentes de tráfico poderano regular outros axentes da autoridade sempre que se trate dunha circunstancia de emerxencia que implique actuar de forma inmediata.

2. Tamén poderá regular a circulación o persoal autorizado de obras, mediante o emprego dos sinais verticais R-2 e R- 400 incorporados a unha paleta, exclusivamente no ámbito de execución das mesmas.

3. Así mesmo, poderá regular a circulación o persoal de acompañamento dos vehículos en réxime de transporte especial mediante o emprego dos sinais verticais R-2 e R-400 incorporados a unha paleta, e por este mesmo medio, as patrullas escolares poderán invitar aos usuarios da vía a que deteñan a súa marcha.

4. Cando o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico autorice a celebración de actividades deportivas ou actos que aconsellen establecer limitacións á circulación nas vías, a autorización habilitará ao persoal de Protección Civil ou da organización responsable para impedir o acceso de vehículos ou peóns á zona ou itinerario afectados, salvo que o contido desta dispoña outra cousa.

5. Cando as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito das súas funcións, establezan controis policiais de seguridade cidadá na vía pública, poderán regular o tráfico e instalar a sinalización provisional necesaria.

TITULO II.- DA SINALIZACIÓN VIARIA

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS E COMPETENCIA

Artigo -13- Normas xerais

1. O usuario das vías está obrigado a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas víaspolas que circula.

Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obrigación de detención, o condutor do vehículo non pode reiniciar a súa marcha ata cumprir o prescrito polo sinal.



2. Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, o usuario debe obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradición coas normas de comportamento na circulación.

3. Os sinais circunstanciais que se coloquen con motivo de obras ou realización de calquera actividade autorizada na vía pública, serán de carácter fixo, salvo que pola súa función ou outras circunstancias deban ser móbiles, cando estas actividades vaian durar máis de 15 días, correspondendo ao titular da autorización a súa instalación, mantemento e retirada así como a reparación do pavimento se fose preciso.

Artigo -14- Competencia e responsabilidade da sinalización

1. O Concello de Guitiriz será o responsable de instalar e conservar os sinais, marcas viarias e o resto de elementos de regulación do tráfico que se estimen necesarios nas vías e terreos da súa titularidade.

2. Tamén lle corresponde autorizar previamente, a instalación na vía pública doutros sinais de circulación.

3. En caso de urxencia, os axentes da autoridade responsables da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñan encomendadas, poderán instalar sinais circunstanciais de forma provisional sen autorización previa.

4. A responsabilidade da sinalización e regulación do tráfico nas obras que se realicen nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria corresponderá aos organismos ou persoas que as promovan ou ás empresas adxudicatarias daquelas ou quen as execute.

Os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas devanditas obras.

Artigo -15- Catálogo oficial de sinais e marcas viarias

1. A sinalización das vías obxecto da presente ordenanza, tanto si trátase de sinalización ordinaria, como nos casos de emerxencia, obras ou sinalización autorizada a terceiros, realizarase utilizando única e exclusivamente sinais e marcas viarias que se atopen incluídas no Catálogo oficial de sinais de circulación, que figuran no anexo I do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de Outubro.

2. Co fin de que sexan máis visibles e lexibles pola noite, os sinais viarias, especialmente os de advertencia de perigo e os de regulamentación, deben estar iluminados ou provistos de materiais ou dispositivos reflectores.

Artigo -16- Inscricións

1. Para facilitar a interpretación dos sinais, poderase engadir unha inscrición nun panel complementario rectangular colocado debaixo daqueles ou no interior dun panel rectangular que conteña o sinal.

2. Excepcionalmente, cando as autoridades competentes estimen conveniente concretar o significado dun sinal ou dun símbolo ou, respecto dos sinais de regulamentación, limitar o seu alcance a certas categorías de usuarios da vía ou a determinados períodos, e non se puidesen dar as indicacións necesarias por medio dun símbolo adicional ou de cifras nas condicións definidas no Catálogo oficial de sinais de circulación e marcas viarias, colocarase unha inscrición debaixo do sinal, nun panel complementario rectangular, sen prexuízo da posibilidade de substituír ou completar esas inscricións mediante un ou varios símbolos expresivos colocados na mesma placa. No caso de que o sinal estea colocado nun cartel fixo ou de mensaxe variable, a inscrición á que se fai referencia poderá ir situada xunto a el.

Artigo -17- Aplicación e obediencia dos sinais

1. Os sinais preceptivos colocados nas entradas ou accesos da cidade rexen para todas as vías destas que resulte de aplicación a presente ordenanza, salvo que a sinalización específica para un tramo



ou vía concreta estableza o contrario.

2. Os sinais situados nas entradas das zonas peonís e demais áreas de circulación restrinxida ou de estacionamento limitado, en xeral, rexen para todo o viario interior do perímetro definido.

3. Todo sinal aplicárase a toda a anchura da calzada que estean autorizados a utilizar os condutores a quen se dirixa esesinal. No en tanto, a súa aplicación poderá limitarse a un ou máis carrís, mediante marcas na calzada ou paneis complementarios.

Artigo -18- Obrigacións relativas ao mantemento, retirada, substitución e alteración de sinais

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico ordenará a inmediata retirada e, se é o caso, a substitución polos que sexan adecuadas, dos sinais instalados sen autorización, de forma antirreglamentaria, dos que perdan o seu obxecto e dos que non o cumpran por causa da súa deterioración.

2. Toda sinalización viaria e demais elementos de regulación e seguridade viaria, independentemente de quen os instale, deberán ser autorizados previamente polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

3. Non se poderán instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar sinais de circulación, verticais ou horizontais, incluídas as de vado, sin a previa autorización municipal, na que se determinará a ubicación, formato e obxecto da mesma.

4. Non se permitirá a colocación de publicidade na sinais de circulación (anverso ou reverso) nin nos seus soportes.

5. Unicamente autorizaranse sinais informativas de circulación que, a criterio do Concello de Guitiriz, teñan interese público.

6. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico procederá, unha vez informado da súa existencia, se o obrigado a iso non o fixer e de acordo coas normas que regulan a execución subsidiaria, á retirada inmediata de toda aquela sinalización de circulación que non estea debidamente autorizada, non cumpra as normas en vigor ou impida a visibilidade, tanto polo que se refire aos sinais non regulamentarios coma se é incorrecta a forma, a colocación ou o deseño do sinal. Os gastos de retirada correrán a cargo do responsable da colocación.

Artigo -19- Circunstancias que modifiquen a sinalización

1. En caso de necesidade, urxencia, ou por razóns festivas, de circulación ou de eventos en xeral que afecten ás vías públicas comprendidas dentro do ámbito de competencia desta ordenanza, a Policía Local poderá modificar, de xeito eventual, a ordenación existente nos lugares onde se produzan tales circunstancias, podendo dispoñer a colocación, anulación ou retirada provisional dos sinais que resulten necesarios, así como a adopción de medidas preventivas.

2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer carrís reservados para a circulación de determinadas categorías de vehículos, quedando prohibida a circulación por estes carrís de vehículos non autorizados pola sinalización correspondente.

Artigo -20- Prevalencia dos sinais de circulación

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é o seguinte:

- a) Sinais e ordes dos axentes de circulación no exercicio das funcións que teñan encomendadas.
- b) Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía e sinais de balizamento fixo.
- c) Semáforos.
- d) Sinais verticais de circulación.
- e) Marcas viarias.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre



si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva, se se trata de sinais do mesmo tipo.

Artigo -21- Idioma dos sinais de circulación

As indicacións escritas que se inclúan ou acompañen aos paneis de sinalización das vías públicas, e inscricións, figurarán nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os núcleos de poboación e demais topónimos serán designados na súa denominación oficial.

Artigo 22.- Prohibicións

1. Queda prohibida a colocación de toldos, carteis, anuncios e instalacións en xeral que limiten aos usuarios a normal visibilidade de semáforos ou sinais ou que poidan distraer a súa atención.
2. Queda prohibida a colocación de carteis, adhesivos, avisos, panfletos ou calquera outro elemento, fixo ou provisional, sobre os sinais ou sobre os elementos que os soportan, excepto aqueles que con ocasión de dispositivos especiais de tráfico, obras ou circunstancias excepcionais se instalen coa finalidade de informar ou advertir aos usuarios de circunstancias relativas ao tráfico que lles afecten.
3. Queda prohibido o pintado sobre a vía pública de marcas, lendas ou calquera outra inscrición distinta das establecidas no catálogo oficial de sinais de circulación e marcas viarias.

CAPÍTULO II - AUTORIZACIÓNS DE SINALIZACIÓN

Artigo -23- Procedemento de autorización de instalación de sinais de circulación

1. Os particulares e calquera entidade privada ou pública distinta do Concello de Guitiriz que pretendan a instalación de sinais de circulación deberán presentar solicitude a este, na que constará o número e tipo de sinais a instalar, o lugar onde pretenden situálos así como os motivos que xustifiquen a súa petición e se esta ten carácter temporal ou permanente, quen resolverá a súa concesión ou denegación, requirindo previamente informe da Policía Local.
2. Unicamente se autorizarán sinais informativos de circulación. A súa concesión está suxeita a que, a criterio do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, teñan interese público e o custo de instalación e mantemento destes sinais será a cargo do beneficiario da autorización.
3. As concesión de dereitos de uso privativos, como vaos ou zonas reservadas que puidesen autorizarse en aplicación do previsto na presente ordenanza leva implícita a autorización de instalación da correspondente sinalización polotempo de vixencia dos mesmos.
4. Exclúese do establecido neste artigo a sinalización de obras ou obstáculos na vía que se efectuará de acordo coa súa regulación específica.

CAPÍTULO III - SINALIZACIÓN DE OBRAS E OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo -24- Normas xerais

1. As obras, tanto na vía pública como nos edificios ou terreos anexos a esta, que dificulten ou afecten de calquera modo a circulación viaria deberán atoparse sinalizadas mediante os sinais específicos de obra e os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento e defensa que figuran no Catálogo oficial de sinais de circulación, tanto de día como de noite, e balizadas luminosamente durante as horas nocturnas, ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan. Esta sinalización será a cargo do realizador da obra.
2. Nos pregos de condicións técnicas e licenzas municipais determinaranse as medidas mínimas de protección e sinalización a adoptar, sen prexuízo das que de ser o caso poida establecer o Órgano de



Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, en función das distintas circunstancias sobrevidas durante a execución das mesmas.

Artigo -25- Comunicación á autoridade responsable do tráfico

1. Cando se trate de obras programadas que vaian ser realizadas por empresas adxudicatarias ou por entidades ou persoas distintas do Concello de Guitiriz, con anterioridade ao seu inicio e independentemente da obtención de cantos outros permisos ou licenzas puidese requirir a súa execución, comunicarano ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico que ditará, tralo informe da Policía Local, as instrucións que resulten procedentes en relación á regulación, xestión e control do tráfico e que ditas empresas ou entidades quedan obrigadas a acatar.

2. Esta comunicación efectuarase cunha antelación de polo menos vinte días naturais cando as obras esixan o corte completo da vía e a confección dun plan especial de tráfico para reorganizar a circulación e dez no resto dos casos. Conterá información suficiente sobre:

- a) A vía afectada e o tramo ou parte da mesma en que se van executar as obras.
- b) O tempo de duración dos traballos.
- c) O tipo de actuación a realizar e a cantidade e clase de vehículos de obra que necesitan circular de entrada e saída.
- d) Calquera outro dato de relevancia para o tráfico e circulación.

3. Nas actuacións de carácter urxente, como a reparación de avarías nas instalacións de abastecemento de auga ou doutros servizos, sen prexuízo da instalación da sinalización que corresponda, darase comunicación inmediata á Policía Local cando sexa preciso o corte a vía e a reordenación do tráfico na zona afectada.

Artigo -26- Obstáculos á circulación

1. Os que creasen sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer canto antes, e adoptarán entre tanto as medidas necesarias para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación, sinalizándoo adecuadamente tanto de día como de día como de noite, e balizándoo luminosamente durante as horas nocturnas, ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan.

2. Non se considerarán obstáculos na calzada os resaltes nos pasos para peóns e bandas transversais, sempre que cumpran a normativa que regula a súa instalación e se garanta a seguridade viaria dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.

Artigo -27- Sinalización complementaria

1. Cando a zona de obras ou de presenza dun obstáculo non se atope pechada ao tráfico e non exista espazo suficiente para o cruzamento de vehículos na parte da vía non afectada cando esta sexa de dobre sentido de circulación, o persoal de obra será o responsable da regulación do paso alternativo, utilizando para iso paletas de sinalización dotadas dos sinais R-400 e R-2, salvo que tal situación sexa regulada mediante un sistema semafórico.

2. O persoal responsable desta tarefa será o suficiente en número e deberá estar provisto de chalecos ou pezas con elementos retrorreflectores homologados visibles polo menos a 150 metros.

Artigo -28- Execución subsidiaria

1. Cando os axentes encargados da vixilancia do tráfico comprobén que unha obra ou obstáculo na vía pública está sensinalizar ou a sinalización de que dispón é insuficiente ou incorrecta, requirirá ao seu responsable ou promotor para que a sinalice adecuadamente no prazo de tempo mais curto posible.

2. Se o devandito responsable ou promotor non fose coñecido ou localizado, ou se tras ser requirido non cumprise con devandita esixencia en tempo e forma, a Policía Local poderá adoptar as medidas necesarias, especialmente en horario nocturno e en circunstancias de baixa visibilidade, para sinalizar



con medios municipais ou propios a obra ou obstáculo.

3. No caso previsto no punto anterior, levantará acta, ou emitirá informe, en que fará constar as deficiencias atopadas, as dilixencias practicadas en relación co responsable da obra e as medidas de sinalización adoptadas, podendo o Concello de Guitiriz á vista da mesma, repercutir os custos da adopción e execución das mesmas ao seu responsable ou promotor, con independencia da apertura do procedemento sancionador que puidese resultar procedente e sen prexuízo, de ser o caso, das actuacións de carácter penal que puidesen iniciarse por delito contra a seguridade do tráfico.

TITULO III - DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS

CAPITULO I - CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR, CICLOMOTORES E OUTROS VEHÍCULOS

Artigo -29- Normas xerais

1. A circulación de vehículos a motor, ciclomotores e outros vehículos distintos dos previstos nos capítulos seguintes, en todo o non establecido pola presente ordenanza, rexerase polas disposicións do Real Decreto Lexislativo 6/2015 polo que se aproba a Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os regulamentos que a desenvolvan.

2. A prestación dos servizos de transporte público, escolar e de menores, que desenvolvan o seu servizo dentro das vías de competencia municipal exclusivamente, está suxeita á autorización do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

Artigo -30- Restricións á circulación de vehículos de determinadas categorías

Prohíbese a circulación polas vías urbanas ou de titularidade municipal dos vehículos ou conxuntos de vehículos que teñan unha masa ou dimensións superiores os autorizados reglamentariamente sen autorización previa do Concello de Guitiriz.

CAPÍTULO II - CIRCULACIÓN DE BICICLETAS

Artigo -31- Definición e exclusións

1. Para os efectos da presente ordenanza considérase bicicleta ao ciclo de dúas rodas propulsado exclusiva ou principalmente pola enerxía muscular da persoa que o conduce, en particular por medio de pedais. Inclúense nesta definición as bicicletas de pedaleo asistido.

2. Non terán a consideración de bicicletas, aquelas que polo seu tamaño, características ou adaptación sexan destinadas a uso infantil e queden comprendidas dentro do anexo I do Real Decreto 1205/2011, de 26 de agosto, sobre a seguridade dos xoguets, como tales.

Artigo -32- Normas xerais

1. As bicicletas circularán polos espazos especificamente a elas destinados ou autorizados e, cando estes non existan, obrigatoriamente pola calzada, permitíndose a circulación en paralelo salvo nos tramos de visibilidade reducida, estreitos ou afectados de alta densidade de tráfico.

Nas vías en que exista beiravía circularán pola da súa dereita se fose practicable.

Poderán circular polas vías peonís, sempre que o fagan coa debida precaución, adecúen a velocidade ao paso das persoas sen que en ningún caso superen os 10 km/h, e respecten en todo momento a prioridade dos peóns.

2. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá crear espazos reservados para circulación exclusiva de bicicletas que se denominarán carrís bici e que se sinalizarán especificamente como tales.

As bicicletas que circulen por estes respectarán a sinalización, a ordenación do tránsito e as normas de prioridade de paso previstas para o resto de vehículos.

3. Nos espazos segregados do tráfico, parques, xardíns ou bosques, poderanse crear sendas



ciclables, as cales terán queestar especificamente sinalizadas como tales e nelas as bicicletas poderán circular compartindo espazo cos peóns.

4. Cando teñan que circular pola calzada, farano polo carril máis próximo á beirarrúa, excluídos os reservados ao transporte público (Carril Bus), podendo ocupar a parte central destes, e gozarán das prioridades de paso que teñen os vehículos segundo as vixentes normas de tránsito. No caso de xiro autorizado á esquerda os ciclistas poderán facer uso dos carrís de xiro que sexan procedentes.

5. Os peóns poderán cruzar os carrís bici, pero non os poderán ocupar nin camiñar sobre eles. Fóra dos pasos peonís convenientemente sinalizados, a preferencia de paso é das bicicletas.

6. Con carácter xeral, os ciclistas non poderán circular a velocidade superior aos 30 Km/h nas vías obxecto de regulación pola presente ordenanza. Quedan obrigados a respectar as limitacións inferiores específicas que afecten á vía pola que circulen e a establecida no punto 1. do presente artigo para as zonas peonís.

7. Os ciclistas poden circular en grupo cando o fagan pola calzada, nese caso consideraranse como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade.

Artigo -33- Prioridade de paso de ciclistas

1. Os condutores de bicicletas teñen prioridade de paso respecto de os vehículos de motor:

- a) Cando circulen por un carril bici, paso para ciclistas ou beiravía debidamente sinalizados.
- b) Cando para entrar noutra vía o vehículo de motor vire a dereita ou esquerda, nos supostos permitidos, e haxa un ciclista nas súas proximidades.
- c) Cando circulando en grupo, o primeiro inicie xa o cruzamento ou entre nunha glorieta.

2. Nos demais casos serán aplicables as normas xerais sobre prioridade de paso entre vehículos.

Artigo -34- Interacción entre bicicletas e vehículos a motor

1. Os condutores de vehículos motorizados que teñan que adiantar a un ciclista farano extremando as precaucións, cambiando de carril de circulación se procede ou deixando un espazo lateral mínimo de 2 metros entre a bicicleta e o vehículo. Os condutores de vehículos motorizados, cando estean circulando detrás dunha bicicleta, manterán unha distancia de seguridade prudencial e proporcional que nunca poderá ser inferior a 5 metros, salvo en caso de adiantamento.

2. Os vehículos a motor e ciclomotores non poderán circular, estacionar nin deterse nos carrís reservados para bicicletas.

Artigo -35- Outras normas na circulación de bicicletas

1. Como norma xeral considerárase prohibido:

- a) Circular co vehículo apoiado só nunha roda.
- b) Transportar a outra persoa, excepto o disposto no punto 4 deste artigo.
- c) Soltar o guiador, excepto cando sexa necesario para facer un sinal de manobra.
- d) Collerse a outros vehículos para ser remolcados.
- e) Circular en forma de zigzag entre vehículos ou peóns.
- f) Circular utilizando auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
- g) Cargar a bicicleta con obxectos que dificulten a súa utilización ou reduzan a visión.

2. As bicicletas terán que levar un timbre, e cando circulen de noite teñen que levar luces e elementos reflectores de cor branca na parte dianteira e vermellos na traseira debidamente homologados que permitan a súa correcta visualización polos peóns e condutores.

3. As bicicletas poderán levar remolque, sempre que sexa homologado, unicamente cando circulen de



día e non existan circunstancias de diminución da visibilidade, a condición de que o condutor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade.

4. As bicicletas poderán transportar, igualmente cando o condutor sexa maior de idade e baixo a súa responsabilidade, menores de ata sete anos en asentos adicionais, axustados ás bicicletas, debidamente certificados e homologados, coas limitacións de peso que estes dispositivos estipulen. Os menores transportados terán que levar casco homologado obrigatoriamente.

5. O condutor e, no seu caso, os ocupantes de bicicletas e ciclos en xeral estarán obrigados a utilizar o casco de protección, salvo nos terminos que podan establecerse reglamentariamente.

Artigo -36- Estacionamento de bicicletas

1. As bicicletas téñense que estacionar preferentemente nos lugares habilitados, deixando en tódolos casos un espazo libre para os peóns.

2. Está especificamente prohibido estacionar as bicicletas:

- a) Nas árbores e o mobiliario urbano, por exemplo: farois, semáforos, bancos, papeleiras ou similares.
- b) Ante zonas onde haxa reserva de carga e descarga na calzada en horario dedicado á actividade.
- c) En zonas de estacionamento para persoas con discapacidade.
- d) En zonas de estacionamento expresamente reservadas a servizos de urxencia e seguridade, centros ou instalacións públicas.
- e) Ante as saídas de urxencia de locais destinados a establecementos de pública concorrencia, durante as horas de inactividade.
- f) En paradas de transporte público.
- g) En pasos para peóns.
- h) Nos espazos habilitados para o estacionamento das bicicletas públicas de préstamo.
- i) Nos elementos acaroados nas fachadas.

CAPITULO III - CIRCULACIÓN DOUTROS TIPOS DE ENXEÑOS MECÁNICOS

Artigo -37- Circulación de aparellos de mobilidade persoal

Os usuarios que por razóns de discapacidade ou por outras causas similares, fagan uso de aparellos de mobilidade persoal, con ou sen motor, para realizar os seus desprazamentos, teñen a consideración peóns, polo que o seu comportamento rexeráse polas normas que afectan a estes.

Artigo -38- Circulación doutros tipos de enxeños mecánicos

1. Considerásense como tales aos enxeños mecánicos sen motor, (patines, patinetes, monopatíns e similares, e aos de motor eléctrico como os patines eléctricos, segways, e análogos, debidamente homologados e autorizados conforme á normativa vixente.

2. Non poderán circular polas beirarrúas.

3. Nas áreas peonís ou de prioridade peonil poderán circular tendo en conta a limitación establecida no punto 3 seguinte. No seu tránsito deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo e en ningún caso gozarán de prioridade respecto de os peóns.

4. Só poderán transitar cando non se dea aglomeración peonil, entendendo que hai situación de aglomeración cando non sexa posible conservar 1 metro de distancia entre os aparellos de mobilidade



persoal e enxeños mecánicos sen motor e os peóns durante a súa circulación.

5. Con estes aparellos de mobilidade persoal e enxeños mecánicos non se pode circular sobre o mobiliario urbano, tales como bancos, varandas ou similares, nin sendo arrastrados por outros vehículos.

6. O condutor deste tipo de vehículos ou aparellos estará obrigado a utilizar casco de protección.

CAPITULO IV - CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS EN RÉXIME DE TRANSPORTE ESPECIAL

Artigo -39- Concepto de vehículo en réxime de transporte especial

Para os efectos da presente ordenanza considérase vehículo en réxime de transporte especial aos que por razón da carga indivisible transportada superen a masa ou dimensións establecidas regulamentariamente como máximas.

Artigo -40- Autorización para a circulación de vehículos en réxime de transportes especiais

1. Os vehículos comprendidos no artigo anterior que pretendan circular polas vías obxecto desta ordenanza precisarán de autorización municipal expresa para cada percorrido e vehículo, independente de cantos outros permisos lles resulten exixibles de acordo coa normativa vixente.

2. A tramitación da devandita autorización iniciárase coa presentación dunha solicitude ao Concello de Guitiriz polo interesado cunha antelación mínima de quince días hábiles á data de tránsito, na que fará constar:

- a) Data, hora, itinerario que pretende utilizar e duración prevista do percorrido.
- b) Peso e dimensións do vehículo ou vehículos para os que se solicita autorización de tránsito.
- c) Cantos outros datos sexan relevantes.

3. Tralos informes técnicos e de Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico ditará resolución autorizando ou denegando o tránsito solicitado.

4. A data, hora e itinerario contido na solicitude consideraranse como proposta, de forma que a resolución cando sexa estimatoria poderá establecer outros distintos que serán de obrigado acatamento polo solicitante.

5. Alcanzada a data prevista para a realización do transporte especial sen ser notificada a resolución municipal entenderase que esta é desestimatoria.

Artigo -41- Condicións de realización dos transportes especiais

1. Unicamente se autorizara a circulación de vehículos en réxime de transporte especial en vías urbanas cando a súa orixe ou destino se atope en lugares situados nas mesmas ou en tránsito cando non existan outras vías alternativas.

2. Os transportes especiais deberán ir acompañados por axentes da Policía Local en todo o percorrido autorizado en vías de competencias municipal.

Artigo -42- Normativa xeral

A circulación dos vehículos en réxime de transporte especial rexerase en todo o non establecido pola presente ordenanza polo contido do anexo III do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

CAPITULO V - CIRCULACIÓN DE ANIMAIS E VEHÍCULOS DE TRACCIÓN ANIMAL

Artigo -43- Circulación de animais

1. Nas vías obxecto da presente ordenanza só se permitirá o tránsito de animais de tiro ou cadeira e cabezas de gandoilladas, neste caso, ata un máximo de dous ao mesmo tempo, sen que invadan as beirarrúas ou zonas peonís e o fagan ao paso. Utilizarán preferentemente as vías de menor densidade de circulación e sempre que exista vía pecuaria, circularán obrigatoriamente por esta. Queda prohibida a circulación de animais en manada ou rabaño, salvo que se trate de vías pecuarias.



2. Estarán sempre a cargo dunha persoa maior de idade, salvo nos animais de cadeira que poderán ser utilizados por menores, sempre que transiten acompañados de polo menos un maior de idade.
3. Os animais de compañía circularán suxeitos polos seus responsables mediante correa ou elemento de análoga eficacia e función, podendo ir por beirarrúas e zonas peonís.
4. Prohíbese deixar animais sen custodia en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións, sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadir a vía.
5. Os excrementos dos animais non poderán quedar depositados na vía pública. As persoas responsables da súa condución, e subsidiariamente os propietarios dos mesmos, serán responsables da súa recollida e depósito en lugar apropiado, colectores ou papeleiras.
6. A súa circulación, salvo no establecido nos puntos anteriores, rexerase polo contido do Capítulo V do Título III do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo -44- Circulación de vehículos tracción animal

1. Os vehículos de tracción animal, calquera que sexa o uso a que se destinen, só poderán circular polas vías públicas cando vaian provistos de rodas neumáticas ou de elasticidade similar.
2. Os excrementos dos animais non poderán quedar depositados na vía pública. As persoas responsables da súa condución, e subsidiariamente os propietarios dos mesmos, serán responsables da súa recollida e depósito en lugar apropiado, colectores ou papeleiras.

CAPITULO VI – VELOCIDADES

Artigo -45- Velocidades nas vías públicas

1. A velocidade máxima coa que se poderá circular polas vías públicas de titularidade municipal será de 50 km/h, excepto para os vehículos que transporte materias perigosas que será de 40 km/h e para os ciclos e bicicletas que será de 30 km/h, salvo en aqueles supostos contemplados nesta Ordenanza ou na normativa aplicable.
2. O límite de velocidade en vías urbanas será de:
 - a) 20 km/h en vías que dispoñan de plataforma única de calzada e beirarrúa.
 - b) 30 Km/h en vías dun único carril por sentido de circulación.
 - c) 50 Km/h en vías de dous ou máis carrís por sentido de circulación.
3. Por razóns de seguridade viaria, medio ambientais, de mobilidade e uso poderanse establecer límites inferiores nas vías ou zonas que a autoridade municipal estime procedente, sendo estes prevalentes sobre o xenérico establecido no punto anterior.
4. Prohíbese realizar competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional ou deportivo, se autorizasen polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico esexan pechadas ao tráfico doutros usuarios.

CAPÍTULO VII - IMPACTO AMBIENTAL

Artigo -46- Normas xerais

1. Queda prohibido circular:
 - a) Provocando ruídos molestos, sen tubo de escape ou con este alterado ou ineficaz ou outras circunstancias anómalas.



- b) Con vehículos con niveis de emisión de perturbacións electromagnéticas, gases, fumes, partículas e outros contaminantes ou ruídos superiores aos límites establecidos na normativa aplicable.
- c) Polos lugares e nos horarios restrinxidos que poida establecer o concello.
- 2. A utilización de alt falantes exteriores nos vehículos está prohibida sen a correspondente autorización municipal tras solicitude ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.
- 3. A circulación nalgún dos supostos comprendidos nos apartados a) e b) do punto 1 anterior poderá dar lugar á inmovilización do vehículo, levantándose unicamente para o traslado do mesmo ao taller onde deba ser reparado ao que deberá ser transportado en guindastre.
- 4. Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

TÍTULO IV - DOS PEÓNS E ZONAS PEONÍS

CAPÍTULO I - CIRCULACIÓN DE PEÓNS

Artigo -47- Circulación de peón

- 1. Os peóns circularán polas beirarrúas, pasos e zonas de prioridade peonil debidamente sinalizadas. Os peóns non deberán deterse nas beirarrúas formando grupos cando iso dificulte o tránsito doutros usuarios ou lles obrigue a circular pola calzada.
- 2. Prohíbese aos peóns:
 - a) Cruzar a calzada por lugares distintos dos autorizados ou permanecer nela sen motivo máis tempo do necesario para a realización do cruzamento.
 - b) Correr, saltar ou circular de forma que moleste aos demais usuarios.
 - c) Esperar aos autobuses e demais vehículos de servizo público fóra dos refuxios ou beirarrúas ou invadir a calzada para solicitar a súa parada.
 - d) Subir ou descender dos vehículos en marcha.
 - e) Realizar actividades nas beirarrúas, pasos, calzadas, beiravías ou, en xeral, en zonas contiguas á calzada, que obxectivamente poidan perturbar aos condutores ou retardar, ou dificultar a marcha dos seus vehículos, ou poidan dificultar o paso de persoas en xeral.

Artigo -48- Sinalización e utilización dos pasos de peóns

- 1. Os pasos para peóns sinalízanse horizontalmente cunha serie de liñas brancas de gran anchura dispostas sobre o pavimento en bandas paralelas ao eixe da calzada e formando un conxunto transversal á mesma na forma disposta polo Catálogo oficial de sinais de circulación, que figuran no anexo I do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro.

Non poderán utilizarse liñas doutras cores que alternen coas brancas.

Os pasos de peóns situados sobre redutores de velocidade sinalízanse horizontalmente tendo en conta a normativa técnica específica que regula a súa instalación.

- 2. Os peóns que precisen cruzar a calzada efectuarano coa máxima dilixencia, sen deterse nin entorpecer aos demais usuarios, nin perturbar a circulación e observando en todo caso as prescricións seguintes:
 - a) Nos pasos regulados por semáforos, deberán obedecer as indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal dirixido a eles o autorice.
 - b) Nos pasos regulados por axentes de tráfico deberán en todo caso obedecer as instrucións que sobre o particular efectúen estes.
 - c) Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada ata tanto non comprobasen, á vista da



distancia e velocidade á que circulen os vehículos máis próximos, que non existe perigo en efectuar o cruzamento.

d) Atravesarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non houberse ningún deberán comprobar de que poden facelo sen risco nin entorpecemento indebido, efectuando o cruzamento polas esquinas e en dirección perpendicular ao eixe da vía, excepto cando as características da mesma ou as condicións de visibilidade poidan provocar situacións de perigo.

e) Non poderán atravesar as prazas e glorietas pola súa calzada, debendo rodealas agás que o permitan os pasos de peóns existentes para o efecto.

CAPÍTULO II - ZONAS PEONÍS E DE PRIORIDADE PEONIL

Artigo -49- Zona peonil

1. Son zonas peonís aquelas vías ou zonas públicas que se destinen a uso exclusivo dos peóns prohibindo para iso o estacionamento e a circulación de vehículos, quedando unicamente autorizada a entrada e circulación de forma excepcional aos seguintes:

a) Os do servizo de extinción de incendios e salvamento, os das forzas e corpos de seguridade, ambulancias e os destinados ao mantemento ou a prestación de servizos públicos municipais, incluídos os de empresas concesionarias dos mesmos.

b) Os que trasladen ou asistan a enfermos ou persoas con mobilidade reducida con domicilio dentro do área ou zonapeonil.

c) Os de servizo público que trasladen aos hóspedes de hoteis e residencias de anciáns situados dentro do área ou zona peonil.

d) Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados dentro da área ou zona peonil.

e) Os taxis para recollida de clientes en domicilios dentro da área ou zona peonil.

f) Os vehículos tipo furgoneta ou vehículo mixto adaptable, con M.M.A. non superior a 3.500 kg para o reparto de comestibles, prensa, mensaxería e paquetería ou similares, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

g) Os que abastezan combustibles a edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil, entre as 8:00 e as 10:00 horas da mañá.

h) As bicicletas, nos termos previstos no art. 32.1., en calquera horario.

i) Os que abastezan materiais, retiren residuos ou presten servizos na construción, rehabilitación ou mantemento de edificios ou establecementos situados dentro da área ou zona peonil.

j) Os especificamente autorizados tras solicitude motivada que esixa o uso de vehículos para o transporte de bens ou a prestación de servizos.

k) Os que trasladen materiais ou presten servizos en dependencias municipais e os adscritos o servizo de entidades públicas de carácter oficial situadas dentro da área ou zona peonil, ata un máximo de dous ao mesmo tempo por cada dependencia ou entidade.

2. O Concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade poderá establecer vías ou zonas peonís.

Artigo -50- Autorizacións

1. Os vehículos comprendidos nos puntos a), b), c), d), e), f) e g) do punto 1 do artigo 49, dentro do exercicio das súas funcións, e do horario expresamente autorizado no seu caso, non precisan autorización previa para acceder e circular polas zonas peonís.



2. O acceso dos comprendidos nos puntos f) e g) fora do horario establecido como de acceso libre e nos puntos i) e j) do artigo anterior queda suxeito ao réxime de autorización previa que se tramitará mediante solicitude dirixida ao concello polo promotor ou polo contratista da obra ou polo titular do vehículo ou vehículos cuxo acceso se pretenda, e que tras informe da Policía Local, o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico resolverá.

3. Os vehículos con acceso autorizado a zonas peonís non poderán permanecer estacionados nestas salvo o tempo necesario para a realización das actividades cuxa execución xustifica e ampara o seu acceso.

Realizarán a súa circulación e estacionamento na forma que menos prexudiquen ou molesten ao resto dos usuarios, en especial aos peóns e a velocidade adecuada ás circunstancias da vía e nunca superior a 20 km/h.

Artigo -51- Zonas de prioridade peonil

O concello dentro das súas competencias de ordenación, control do tráfico e uso das vías públicas da súa titularidade ou competencia evelando polo principio de maior e mellor protección do usuario máis vulnerable, poderá establecer zonas de prioridade peonil, nas que se poderá restrinxir a velocidade, circulación, parada e estacionamento de vehículos.

Nestas zonas o peón goza de prioridade sobre calquera outro vehículo, bicicleta ou elemento de mecánico de transporte, que estea autorizado a circular.

TÍTULO V - DA CARGA E DESCARGA

CAPÍTULO I - DA CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS

Artigo -52- Conceptos xerais

1. Considérase operación de carga e descarga a acción de trasladar mercancías ou obxectos dende un inmovible ou local comercial a un vehículo estacionado ou viceversa, realizada con carácter profesional e mediante o uso de vehículos legalmente habilitados para o transporte de mercancías.

2. As operacións de carga e descarga incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza realizaranse con suxeición ás disposicións sobre horarios, lugares adecuados, tempos de permanencia nos mesmos, forma de realización e sobre parada e estacionamento contidas na mesma, no Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa que resulte de aplicación.

3. O condutor do vehículo empregado para o transporte das mercancías ou obxectos a cargar ou descargar será sempre o responsable directo do cumprimento das obrigacións e normas establecidas nesta ordenanza e na normativa xeral para a execución de tales operacións.

4. Prohíbese a carga e descarga entre vehículos na vía pública.

Artigo -53- Forma de realización

1. A carga e descarga realizarase con suxeición ás seguintes condicións:

a) En ningún caso se poderá obstruír ou dificultar durante os labores de carga e descarga a circulación doutros usuarios nin o acceso a vaos autorizados.

b) Salvo o previsto no capítulo seguinte, os labores de carga e descarga realizaranse dentro das zonas reservadas para ese efecto e durante o horario establecido mediante sinalización.

c) Os vehículos situaranse paralelamente á beirarrúa, aproximados ao seu bordo, salvo que a sinalización estableza outra disposición, e coa dianteira en sentido da circulación xeral.

d) As operacións de carga e descarga efectuaranse pola parte correspondente á beirarrúa ou pola parte traseira do vehículo, utilizando os medios necesarios e adecuados para realizalas no prazo de tempo máis curto posible.



e) As mercancías, obxectos e demais materiais cargados ou descargados, non poderán ser depositados na calzada nin na beirarrúa, debendo ser trasladados directamente ao inmovible ou local a onde vaian destinados.

f) As operacións de carga e descarga de mercancías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas así como as que entrañen especialidades na súa manexo rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.

g) En caso de existir algún perigo para os peóns ou vehículos durante a realización da carga ou descarga, deberase protexer e sinalizar a zona de acordo coa normativa vixente.

h) Para a realización dos labores de carga e descarga adoptaranse as precaucións necesarias para evitar ruídos e calquera outra molestia para os usuarios da vía pública e dos veciños residentes nos inmoables próximos.

i) Igualmente, prohíbese depositar sobre a vía pública calquera clase de residuo ou embalaxe así como verter líquidos, graxas etc.

Os vehículos terán o seu motor parado durante as tarefas de carga e descarga.

De producirse calquera depósito de residuos ou vertido sobre a vía pública, o condutor do vehículo e o seu propietario serán responsables da limpeza da mesma e dos danos ocasionados, sen prexuízo da imposición das sancións e das actuacións que procedan.

Artigo -54- Vehículos

1. Son legalmente habilitados para dita función os definidos no Anexo II do Real Decreto 2822/1998 de 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, baixo as denominacións de Camión, Furgón/Furgoneta, Vehículo Acondicionado, Derivado de Turismo e Vehículo Mixto Adaptable.

2. Non se poderá realizar carga e descarga utilizando vehículos de tracción animal e o emprego de remolques permitirase cando estes se atopen axustados a un vehículo dos comprendidos no punto anterior.

CAPÍTULO II - LUGARES E HORARIOS AUTORIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS

Artigo -55- Normas xerais

1. Sempre que sexa posible os labores de carga e descarga realizaranse no interior dos locais comerciais ou industriais de procedencia ou destino das mercancías. A concesión de licenzas de apertura de locais desta

clase que pola súa superficie, finalidade e situación, poida presumirse racionalmente que realizarán habitualmente ou con especial intensidade operacións de carga e descarga subordinarase a que os seus titulares reserven espazo suficiente no interior para realizar esas operacións.

2. Cando os devanditos locais non dispoñan do acceso ou condicións adecuadas realizaranse dende a vía pública, dentro dos horarios establecidos, e utilizando para iso as zonas da vía reservadas a carga e descarga sinalizadas como tales.

3. Cando non exista unha zona reservada a carga e descarga a unha distancia inferior a 150 metros do punto de destino ou recollida das mercancías, as operacións correspondentes realizaranse na vía pública en zona onde estea permitido o estacionamento e con respecto ás normas xerais e horarios establecidos no presente título.

Artigo -56- Zonas reservadas para carga e descarga

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será o responsable de establecer e delimitar mediante a correspondente sinalización vertical e horizontal as zonas da vía que se reservan para o uso exclusivo das operacións de carga e descarga.



2. A súa situación e tamaño decidiranse atendendo a criterios de densidade comercial e dispoñibilidade de estacionamento, non podendo establecerse en ningún caso con carácter exclusivo ou privativo dun establecemento.
3. As zonas de carga e descarga debidamente sinalizadas non poderán utilizarse para uso distinto durante o horario marcado.
4. Poderán facer uso da zona de carga e descarga os vehículos destinados ao transporte de mercancías comprendidos no Art. 56 .
5. Poderán facer uso da zona de carga e descarga os vehículos que sexan conducidos ou transporten persoas titulares dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida, sempre que non ocasionen perxuícios os peatóns ou o tráfico, e por un tempo máximo de 30 minutos.

Artigo -57- Horarios de carga e descarga

1. En todas as zonas reservadas a carga e descarga existirá un panel complementario ao correspondente sinal vertical onde consten os horarios que rexerán na mesma. Con carácter xeral, estes horarios serán de luns a sábado, excluídos os días festivos oficiais.

Prohíbese a realización das operacións de carga e descarga na vía pública fóra do horario establecido.

2. Naquelas zonas ou lugares en que os horarios de carácter xeral, por causa da problemática da vía, da demanda comercial ou doutras circunstancias xustificadas, se comprobe que non resultan adecuados, ou a súa aplicación é contraria á finalidade que se pretende, poderanse establecerse outros distintos.

3. Fóra do horario de carga e descarga, con carácter xeral, permítese o estacionamento libre de calquera usuario.

Artigo -58- Limitacións

1. Non poderán permanecer estacionados nas zonas para carga e descarga vehículos que non se atopen realizando dita actividade, aínda tratándose de vehículos legalmente habilitados de acordo co establecido no artigo 56.1, nin os que as realicen por tempo superior a 30 minutos dentro do horario establecido, salvo que estean debidamente autorizados.
2. As limitacións e prohibicións de carga e descarga establecidas na presente ordenanza poderán ser obxecto de excepción naqueles supostos nos que, a xuízo do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, concorran circunstancias de natureza especial que aconsellen facer uso de tal excepcionalidade.

CAPÍTULO IV - OUTRAS ACTIVIDADES DE CARGA E DESCARGA

Artigo -59- Normativa específica

As actividades de carga e descarga comprendidas no presente capítulo rexeranse pola normativa específica contida no mesmo e non están suxeitas aos horarios e limitacións contidas no Capítulo II do presente título.

Artigo -60- Carga e descarga en obras

1. Os promotores ou construtores responsables da edificación, rehabilitación, reforma ou mantemento de edificacións realizarán as operacións de carga e descarga que precisen dentro da propia obra sempre que iso sexa posible.
2. Cando non exista espazo dispoñible no interior, ou non fose utilizable, previa acreditación de tales circunstancias mediante o oportuno informe técnico, poderán facelo dende a vía pública da seguinte forma:
 - a) Cando as condicións desta o permitan , mediante a concesión dunha reserva de estacionamento para carga e descarga por obra, que aboará as taxas que correspondan por ocupación da vía de acordo coa normativa fiscal que resulte de aplicación.
 - b) Cando as condicións da vía non permitan a reserva do punto anterior, mediante autorización



expresa con establecemento das condicións particulares que regulen a súa execución.

Tanto a reserva de estacionamento para carga e descarga de obra como, se é o caso, a autorización expresa, serán outorgadas polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, quen á vista da documentación achegada polo solicitante na que constará a situación, dimensións e tempo de uso da reserva ou autorización que solicita e tras informe da Policía Local resolverá sobre a concesión da mesma e dos condicionamentos que lle esixe.

3. A reserva de estacionamento para carga e descarga deberá atopase debidamente sinalizada polo interesado e ao seu cargo, debendo constar en dita sinalización os horarios de utilización da mesma, que estarán comprendidos entre as 08:00 e as 22:00 horas.

Artigo -61- Carga e descarga de combustibles líquidos e gases licuados

1. A descarga de combustible que se efectúe como aprovisionamento das estacións de servizo situadas nas vías obxecto da presente ordenanza, aínda que se realice dende a vía pública, non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se realicen entre as 08:00 e as 22:00 horas. Regularase polas normas específicas que resulten de aplicación en función do tipo de produto transportado e para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación, evitando entorpecer a utilización normal e en condicións de seguridade da vía polos demais usuarios.

2. A descarga de combustibles con destino a establecementos ou inmobles que deba realizarse dende a vía pública, para os efectos exclusivamente de tráfico e sen prexuízo da observancia das normas específicas que resulten de aplicación polo tipo de produto transportado, realizarase tendo en conta as seguintes regras:

a) As subministracións que deban efectuar en zonas peonís terán que ser realizadas de 08:00 a 10:00 horas. Fóra deste período de tempo precisarán de autorización expresa con indicación de horario en que se autorizan ditos labores.

b) Nas vías onde a descarga se poida realizar dende zona de estacionamento autorizado, poderase facer en horario comprendido entre as 08:00 e as 22:00 horas.

c) Cando a descarga se realice en vías que sexa preciso cortar o tráfico ou o vehículo teña que situarse fóra de zona de estacionamento autorizado ou en forma que afecte notablemente ao resto da circulación, precisarán de autorización previa por parte da autoridade municipal con determinación do horario máis adecuado para a súa execución.

3. A descarga de gases licuados dende cisternas realizarase nos mesmos termos que os combustibles líquidos.

4. O reparto domiciliario de bombonas ou recipientes de gas licuado realizarase dende os lugares da vía que resulten máis adecuados, respectando en todo caso as normas de circulación, parada e estacionamento que resulten esixibles.

Artigo -62- Carga e descarga de vehículos en concesionarios ou puntos de venda

A carga e descarga de vehículos a concesionarios ou puntos de venda situados nas vías obxecto da presente ordenanza, aínda que se realice dende a vía pública, non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga sempre que se realice entre as 08:00 e as 22:00 horas. Para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación e as limitacións ou prohibicións que poidan afectar á vía pola que pretendan circular, parar ou estacionar, non podendo entorpecer a súa utilización normal polos demais usuarios.

Artigo -63- Aprovisionamento de superficies comerciais e almacéns

1. A carga e descarga de vehículos que teña por finalidade o aprovisionamento de áreas comerciais, almacéns, empresas ou grandes superficies, as cales sexan destinatarias ou orixe da totalidade ou dunha fracción importante da carga, permitirase na vía pública unicamente cando non exista outro



espazo dispoñible. Non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se efectúe entre as 08:00 e as 22:00 horas, salvo autorización expresa. Para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación e as limitacións ou prohibicións que poidan afectar á vía pola que pretendan circular, parar ou estacionar, non podendo entorpecer a súa utilización normal polos demais usuarios.

TITULO VII - DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo -64- Normas xerais de parada e estacionamento

1. Nas vías urbanas e en travesías urbanizadas a parada e estacionamento de calquera vehículo deberá efectuarse situando este o máis cerca posible do bordo dereito da calzada sen invadir a beirarrúa nin calquera zona reservada a determinados usuarios delimitada e sinalizada, salvo en vías de sentido único en que poderá efectuarse tamén no lado esquerdo, sempre que a anchura da vía permita o tránsito dos demais vehículos e usuarios pola mesma e non exista sinalización de calquera tipo que o prohiba.
2. Nas vías urbanas e travesías non urbanizadas que manteñan características de vías interurbanas a parada e o estacionamento realizaranse fóra da calzada e deixando libre a parte transitábel da beiravía.
3. Tanto a parada como o estacionamento deberán efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo e evitar que poida poñerse en movemento en ausencia do seu condutor.
4. Sempre que sexa posible o descenso de persoas realizarase polo lado correspondente á beirarrúa co obxecto de garantir a súa seguridade.

O condutor e os pasaxeiros que teñan que apearse polo lado da calzada permanecerán nesta o menor tempo posible e comprobarán previamente que non existen vehículos circulando nas inmediacións que poidan supoñer un perigo pola súa proximidade ou velocidade previamente ao descenso ou á apertura de portas.

Artigo -65- Distancias

1. A parada ou estacionamento realizarase deixando unha separación suficiente cos demais vehículos xa estacionados de forma que estes poidan realizar a manobra de incorporación á circulación con seguridade.
 2. A parada e o estacionamento dun vehículo realizaranse de forma que permita a mellor utilización do restante espazo dispoñible, quedando prohibido ocupar dúas ou máis prazas de estacionamento ao mesmo tempo.
- Prohíbese ocupar maior espazo do necesario e deixar máis de 20 cm entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo.
3. En vías urbanas permítese a parada ou o estacionamento dos guindastres de auxilio en estrada polo tempo indispensable para efectuar a retirada dos vehículos avariados ou accidentados, sempre que non se cree un novo perigo, nin se cause obstáculo á circulación e se respecten as indicacións dos axentes encargados da vixilancia do tráfico respecto do lugar onde deben situarse.

Artigo -66- Forma de realización

1. A parada e o estacionamento realizaranse como norma xeral situando o vehículo paralelamente ao bordo da calzada, na forma denominada en liña ou cordón e en sentido da circulación.
2. Cando as características da vía ou outras circunstancias así o permitan a autoridade municipal con competencia en materia de tráfico poderá establecer que o estacionamento se realice en batería,



tendo neste caso que establecer o devandito réxime expresamente mediante a instalación da correspondente sinalización con delimitación das prazas.

Artigo -67- Lugares perigosos ou que obstaculizan a circulación

1. Considéranse paradas ou estacionamento en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación os que constitúan un risco ou obstáculo á circulación, os seguintes supostos:

- a) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.
- b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
- c) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmobile de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.
- d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.
- e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.
- f) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.
- g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga durante as horas de utilización.
- h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen condutor.
- i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.
- j) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.
- k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.
- l) Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada.
- m) As paradas ou estacionamento que, sen estar incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

CAPÍTULO II – PARADAS

Artigo -68- Concepto

Considérase parada á inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo e non sexa debida por mor de urxencia, por necesidades da circulación ou para cumprir algún precepto regulamentario.

Artigo -69- Forma de efectuar a parada

A parada deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía e debe situarse paralelamente ao bordo da calzada, salvo que a sinalización estableza outra forma. O condutor terá obrigación de retirar o vehículo cando fose requirido polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico ou cando as circunstancias do tráfico o esixan.

Artigo -70- Lugares prohibidos

1. Queda prohibido parar nos seguintes casos:
- a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.
 - b) Nos pasos a nivel, pasos para ciclistas e pasos para peóns.
 - b) Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.



- c) Nas interseccións e nas súas proximidades.
- d) Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización aos usuarios a quen lles afecte ou obrigue a facer manobras.
- e) Onde exista sinalización que o prohiba.
- f) Nos carrís destinados ao uso exclusivo do transporte público urbano ou nos reservados para as bicicletas.
- g) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.
- h) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade e pasos para peóns.

CAPÍTULO III – ESTACIONAMENTOS

Artigo -71- Concepto

Considérase estacionamento a toda inmovilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada.

Artigo -72- Forma de efectuar o estacionamento

O estacionamento deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía e debendo situalo paralelamente ao bordo da calzada, salvo que a sinalización estableza outra forma. O condutor terá obrigação de retirar o vehículo cando fose requirido polos axentes da Autoridade ou cando as circunstancias do tráfico o esixan.

Artigo -73- Lugares prohibidos

1. Queda prohibido estacionar nos seguintes casos:
 - a) En todos os lugares en que estea prohibida a parada.
 - b) Nos lugares habilitados polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico como de estacionamento con limitación horaria, conforme á regulación do sistema utilizado para iso, sen dispoñer do título que o autorice ou cando, dispoñendo del, se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola autorización.
 - c) En zonas sinalizadas para carga e descarga.
 - d) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.
 - e) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso dos peóns.
 - f) Diante dos vaos sinalizados correctamente.
 - g) En dobre fila.

Artigo -74- Remolques

Prohíbese o estacionamento de remolques e semirremolques separados do vehículo tractor salvo nos lugares autorizados expresamente.

Artigo -75- Estacionamento de camións, autobuses e vehículos especiais

1. Queda prohibido o estacionamento nas vías urbanas obxecto da presente ordenanza de vehículos con M.M.A superior a 3.500 quilogramos, salvo nos lugares expresamente autorizados.
2. Excepcións. Quedan excluídos da prohibición establecida no punto anterior os camións que se atopen realizando labores de carga e descarga autorizada e os vehículos especiais cuxa presenza derive do seu emprego na realización de obras ou traballos na zona en que se atopen.
3. Sen prexuízo da aplicación da normativa ambiental ou a específica na materia en canto sexan máis restritivas, queda prohibido o estacionamento de camións de calquera M.M.A. destinados ao transporte



de animais vivos con estes no seu interior.

Os que se atopen baleiros non poderán facelo a unha distancia inferior a 50 metros de vivendas habitadas ou de calquera establecemento ou instalación en xeral, salvo as propias do sector gandeiro, industrias do sector cárnico ou relacionadas.

CAPITULO IV - ESTACIONAMENTO GRATUITO REGULADO CON HORARIO LIMITADO “PARKING EXPRESS”

Artigo -76- Normas xerais

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer na vía pública, zonas de estacionamento gratuito regulado con horario limitado nas zonas de especial densidade de locais ou establecementos comerciais, tendo por obxecto a ordenación e mellora do tráfico o garantir a rotación das prazas de estacionamento entre todos os potenciais usuarios.

2. As zonas de “Parking Express” establécense como zonas de estacionamento gratuito limitado suxeito os seguintes requisitos:

a) Unha temporalidade máxima, con carácter xeral, de 30 minutos continuados. Este período de tempo, atendendo o tipo de establecementos comerciais existentes na zona poderá ser rebaixado, non sendo nunca inferior a 15 minutos.

b) Fora do horario fixado na sinalización vertical poderase estacionar sen ningunha limitación horario agás sinalización en contrario.

Artigo -77- Sinalización e control das zonas “Parking Express”

1. As zonas afectadas polo servizo de parking express estarán claramente identificadas mediante sinalización vertical e horizontal.

2. Corresponderalle o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico o establecemento das vías e os seus tramos que se declaran de estacionamento gratuito regulado con horario limitado “Parking Express”, incluíndo en todo caso informe da Policía Local.

3. As zonas de Parking Express estarán sinalizadas verticalmente coa sinal R-309 coas inscricións de “Parking Express” xunto cun panel complementario que indique as franxas horarias de funcionamento e o tempo máximo de estacionamento permitido, ou ben cun panel que incorpore dita sinal coa mensaxe correspondente.

O espazo estará delimitado horizontalmente mediante unha liña continua de cor laranxa sobre o bordo da calzada ou da beirarrúa, e descontinua para separala do carril de circulación.

4. Os condutores dos vehículos acreditarán a hora de estacionamento mediante a colocación na parte interior do parabrisas, nun lugar visible, dun reloxo horario de cartón ou calquera outro medio do que dispoñan no que conste a hora exacta de inicio de estacionamento.

6. Corresponderá os axentes encargados da vixilancia do tráfico serán o control da adecuada utilización destas zonas, así como a denuncia das condutas contrarias a normas que a regulan.

7. Constitúen infracción durante o período de limitación do estacionamento, considerándose como estacionamento en lugar prohibido:

a) Carecer de reloxo horario ou calquera outro medio que acredite a hora de estacionamento, ou non colocalo en lugar visible.

b) Superar o tempo de estacionamento máximo permitido.

TÍTULO VIII - DAS AUTORIZACIÓNS DE ACCESO E RESERVAS PARA VEHÍCULOS



CAPÍTULO I - DOS VAOS PERMANENTES

Artigo -78- Norma xeral das autorizacións e reservas para entrada e saída de vehículos

1. Está suxeito a obtención de licenza municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto de todos os bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte polo que se realiza o acceso.
2. As licenzas que se concedan ao abeiro do presente artigo denominaranse vaos.
3. Os vaos que se concedan terán como finalidade exclusiva a de permitir o libre acceso e saída de vehículos do inmoble ou recinto para o que se pida a vía pública. Queda prohibido solicitálos ou utilizalos unha vez concedidos con finalidade distinta da anterior, e, especialmente o seu uso como reserva de estacionamento con fins comerciais ou para o seu titular.
4. Non se autorizarán licenzas de vao cando a súa concesión supoña un prexuízo a terceiros ou requira a supresión de prazas de estacionamento distintas das existentes fronte á propia entrada ao inmoble ou recinto para o que se pida.
5. As licenzas de vao permanente en vías ou zonas peonís só se concederán en casos excepcionais e debidamente motivados.

Artigo -79- Obrigacións do titular de vao

Ao titular do vao seranlle de aplicación as seguintes obrigacións:

- a) A limpeza dos accesos ao inmoble de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
- b) Conservar a sinalización do vao en condicións de visibilidade para o resto dos usuarios.

Artigo -80- Tipos de licenzas de vao

As licenzas de vao terán carácter indefinido en tanto se manteñan as condicións para a súa concesión.

Artigo -81- Autorización de licenzas de vaos

1. As licenzas de Vaos serán concedidas polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e poderán ser solicitadas polos propietarios e os posuidores lexítimos dos inmobles aos que se haxa de permitir o acceso e saída de vehículos.
2. Cada licenza amparará un único punto de acceso e saída de vehículos. Nos locais ou recintos que dispoñan de máis dunha porta apta para o seu uso como tal, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude para cal delas solicitan a licenza de vao permanente.
3. Soamente se concederá máis dunha licenza de vao permanente a un mesmo inmoble ou recinto cando a súa estrutura ou división interior non permitan a súa utilización a través dun único punto de acceso.

Artigo -82- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos

1. Toda concesión de licenza de vao requirirá a previa tramitación dun expediente de concesión o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados e ha de acompañarse da documentación, tanto técnica como doutro tipo, esixida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico incluíndo en todo caso informe da Policía Local.

Artigo -83- Sinalización das entradas de vehículos

1. A sinalización será vertical e consistirá na instalación en forma facilmente visible para tódolos os usuarios, na porta ou na fachada á beira daquela, do sinal R-308e en modelo aprobado polo Concello de Guitiriz na que figurará en todo caso o n.º de placa.

Cando exista máis dunha porta de entrada nun mesmo garaxe ou recinto, a sinalización deberá colocarse de forma que exprese inequivocamente cal delas é a beneficiaria da licenza de vao permanente.



2. Reforzarase a sinalización vertical establecida no punto 1 mediante o pintado dunha marca amarela continua na calzada ou bordo, e nunha lonxitude, salvo autorización expresa, igual á anchura da porta de acceso ao garaxe ou recinto.
2. Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas ocupando a calzada sen permiso municipal.
3. Cando o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra, cuxa concesión queda suxeita a autorización municipal e á súa realización nas condicións fixadas polos técnicos municipais.
4. Os gastos que ocasione a sinalización descrita así como as obras necesarias para a súa execución e mantemento serán por conta do solicitante.

Artigo -84- Desperfectos en beirarrúas por reservas para entrada e saída de vehículos

Os desperfectos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido será responsabilidade dos titulares que estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que para o efecto se outorgue e cuxo incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo -85- Suspensión provisional dos dereitos

O Concello poderá suspender por razóns do tráfico, obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias os efectos das licenzas de vaos con carácter temporal.

Artigo -86- Revogación das licenzas de vao

1. As licenzas de vao poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:
 - a) Por ser destinadas a fins distintos para os que foron outorgadas.
 - b) Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.
 - c) Por non aboar a taxa anual correspondente.
 - d) Por carecer da sinalización adecuada ou incumprir as obrigas sobre a súa colocación.
 - e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.
2. A revogación dará lugar á obrigação do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ao seu estado inicial e entregar a placa identificadora no concello.

Artigo -87- Supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación

1. Cando se solicite a baixa da licenza de vao que se viña gozando por deixar de usar o local como aparcamento ou se produza a anulación de acordo co establecido no art. anterior deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparar o bordo da beirarrúa ao estado inicial e entregar a placa ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.
2. A concesión da baixa solicitada requirirá o cumprimento previo destes requisitos.

CAPÍTULO II - DAS RESERVAS DE PARADAS E ESTACIONAMENTO

Artigo -88- Normas xerais sobre reservas de paradas e estacionamento

1. Non se establecerán nin autorizarán reservas de estacionamento ou parada de vehículos nas vías públicas que teñan carácter privativo ou particular, salvo o previsto para as licenzas de vao e para as reservas de baixada e subida de pasaxeiros en hoteis ou aloxamentos.
2. Unicamente poderán establecerse ou autorizarse aquelas que veñan determinadas ou requiridas pola prestación de servizos públicos ou oficiais.



Artigo -89- Reservas de estacionamento para hoteis ou aloxamentos

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá conceder reservas de estacionamento aos hoteis ou aloxamentos de forma privativa para o uso como punto de baixada e subida dos viaxeiros aloxados neles e carga e descarga das súas equipaxes.
2. Soamente se concederán reservas do tipo previsto no punto anterior a aqueles establecementos que cumpran as seguintes condicións:
 - a) Dispoñer de unha capacidade de máis de 15 cuartos.
 - b) Que o propio establecemento non dispoña de un espazo propio que poida ser utilizado para tal fin, sen que se considere como tal o garaxe do mesmo.
 - c) Que non se encontre situado nunha vía peonil, cerrada ao tráfico de calquera forma ou con prohibición ou inexistencia de estacionamento.
 - d) Que non existan áreas de estacionamento, público ou privado, a unha distancia inferior a 50 metros da porta de entrada ao hotel ou aloxamento, distintas da zona de estacionamento que poida existir na propia rúa en que estea situado este.
3. As reservas desta clase serán sempre dunha praza de estacionamento para un vehículo tipo “Turismo” cunha lonxitude máxima de 6 metros para cada establecemento independente, para situar o máis preto posible da porta de acceso principal ao mesmo. Non se considerarán establecementos independentes aqueles que aínda que a actividade se exerza en inmobles individuais, estes pertencen a un mesmo titular ou sexan xestionados pola mesma dirección e urbanísticamente sexan lindeiros.
4. As reservas deste tipo poderán ser suprimidas temporalmente por obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias. A súa revogación definitiva e supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación rexerá polo disposto no capítulo anterior para os vaos permanentes en canto lles poida resultar de aplicación.
5. As autorizacións de reserva outorgaranse sempre con carácter discrecional, non creando dereitos subxectivos a favor dos seus titulares e poderán ser modificadas ou suprimidas polo Órgano de Goberno Municipal competente cando orequiran as necesidades do tráfico ou o interese público.

Artigo -90- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos

1. A concesión das reservas para hoteis e aloxamentos requirirá a tramitación previa dun expediente de concesión o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados e ha de acompañarse da documentación, tanto técnica comodoutro tipo, esixida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico incluíndo en todo caso informe de Policía Local.

Artigo -91- Sinalización e vixilancia das reservas

1. A sinalización será a cargo do solicitante e consistirá na instalación en forma facilmente visible para todos os usuarios do sinal vertical R-308 cun panel complementario co texto “Excepto servizo clientes Hotel Máximo 15 minutos” e o pintado de liña amarela en zigzag no tramo de vía obxecto de reserva con texto branco no seu interior coa lenda “Hotel”.
2. O solicitante queda obrigado a prestar a colaboración necesaria coa Policía Local e a adoptar as medidas que lle sexan esixidas polo Órgano de Goberno Municipal competente en materia de tráfico para facer que o uso da reserva se faga exclusivamente polos seus clientes.

Artigo -92- Reservas de estacionamento restrinxidas a uso oficial

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer na vía pública zonas reservadas para estacionamento de vehículos pertencentes a entidades ou organismos oficiais, fronte á súa sede ou no lugar que resulte máis adecuado, sempre que as condicións da mesma o permitan.
2. Cando os vehículos pertencentes a ditos organismos non dispoñan de distintivos ou rotulación que os identifique, deberán dispoñer dunha tarxeta ou documento equivalente que acredite a súa pertenza



ou adscrición ao servizo ou órgano beneficiario do estacionamento reservado e que será colocada polos seus condutores no interior, en lugar visible, cando fagan uso do referido estacionamento na súa condición de usuarios autorizados.

3. Ditas tarxetas ou autorizacións poderanse expedir directamente pola autoridade ou xefatura que exerza a dirección da entidade ou organismo beneficiario da reserva, ou, despois de solicitude para o efecto, facilitadas pola Policía Local. A súa función será unicamente identificadora para os efectos de exercer o dereito de

estacionamento na zona reservada, carecendo de calquera validez ou efecto fóra da mesma. A súa emisión unicamente se poderá realizar cando exista zona de estacionamento reservado debidamente delimitada e sinalizada.

4. Os vehículos oficiais das Forzas e Corpos de Seguridade, quedan autorizados a estacionar en calquera das reservas de estacionamento restrinxido creadas ao abeiro do presente artigo.

Artigo -93- Reservas de estacionamento a condutores con discapacidade

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico determinará os lugares da vía pública que se destinarán a estacionamento reservado para vehículos conducidos por persoas con discapacidade, previndo especificamente a dotación de prazas nas zonas céntricas e naquelas en que se atopen situados servizos públicos ou administrativos.

2. A petición dos interesados poderá crear prazas en zonas que, sen ser de concorrencia pública notoria, sexan necesarias para facilitar o estacionamento do solicitante no seu domicilio. Estas prazas en ningún caso poderán ser consideradas privativas do solicitante e poderán ser utilizadas por calquera outro usuario que dispoña de tarxeta acreditativa de discapacidade. Poderán ser suprimidas cando cese o motivo que xustificou a súa creación.

3. As prazas reservadas para este tipo de usuarios unicamente poderán ser utilizadas para o estacionamento de vehículos conducidos ou ocupados por persoa (ou persoas) afectada e titular da tarxeta.

4. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer limitación do tempo de estacionamento máximo continuado en todas ou algunhas das prazas reservadas a persoas con discapacidade. Esta limitación non poderá ser inferior a 30 minutos.

Artigo -94- Paradas de Taxis, Ambulancias, Transporte Público e Escolar

O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer zonas destinadas á parada ou estacionamento de vehículos de servizo público destinados á prestación de servizos de interese xeral. Especificamente establecerá os lugares da vía pública que se destinarán a Parada de Taxis así como a capacidade dos mesmos en cada caso, as zonas reservadas a ambulancias e fixará os espazos que considere necesarios para parada de transportes colectivos de viaxeiros tanto de servizo urbano como interurbano e escolar. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros non poderán parar nin estacionar nas vías urbanas, salvo nos lugares expresamente autorizados e sinalizados para o efecto.

TÍTULO IX - DO USO, OCUPACIÓN E ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA

Artigo -95- Actividades en xeral

1. Salvo autorización expresa concedida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, queda prohibido en calquera parte ou zona da vía pública:

a) Colocar ou instalar calquera elemento, quiosco ou montaxe, provisional ou permanente, incluídos aqueles asegurados nas paredes das fachadas á vía pública dos inmobles lindeiros.

b) A exposición con finalidade comercial ou de venda de calquera produto ou artigo, salvo a que se realice con

oportunidade de festexos, tanto patronais como de barrios, cuxa instalación sexa autorizada pola comisión organizadora dentro do espazo de celebración do evento.



c) Especificamente o estacionamento ou a exposición na vía pública de vehículos con carteis ou anuncios con finalidade comercial ou de venda.

d) A realización de calquera actividade organizada, deportiva, lúdica ou similar, salvo as que se deriven do exercicio de calquera dereito que non precise autorización previa ou estean suxeitas a normativa reguladora propia.

2. Exclúense as actividades que dispoñan de regulación propia mediante ordenanza ou outra norma legal como a instalación de terrazas, mercados, e similares.

Artigo -96- Mudanzas

1. As operacións de carga e descarga por motivo de mudanza que precisen a instalación de vehículos en zonas reservadas ou suxeitas a limitacións de calquera clase, que afecten ao tráfico de persoas ou vehículos ou que precisen a instalación de equipos complementarios, requirirán a concesión de autorización previa por parte do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

2. Dita autorización tramitarase mediante solicitude presentada cunha antelación mínima de quince días hábiles antes da data en que se pretende o inicio dos traballos, na que constará a actividade para a que se solicita permiso, a localización dos vehículos e elementos complementarios que se pretenden utilizar, o tempo de duración dos traballos, a data de inicio e horario da reserva solicitada.

3. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, tras informe da Policía Local, resolverá sobre a concesión e as condicións a impoñer.

4. A prohibición de estacionamento na zona reservada, a delimitación desta e o horario de inicio da mesma sinalizarase debidamente polo solicitante con polo menos 48 horas de antelación ao comezo dos traballos, quedando obrigado a dar comunicación á Policía Local, para os efectos de comprobación de que a mesma se axusta á normativa e condicións da autorización.

5. Aqueles vehículos que fosen estacionados na zona delimitada con posterioridade á colocación da sinalización e permanezan nela ao comezo da vixencia da prohibición poderán ser retirados ao depósito municipal, previo abono das correspondentes taxas.

Artigo -97- Colectores para obras e sacas de cascallos

1. Son colectores para obras os recipientes normalizados, especialmente deseñados para ser cargados e descargados sobre vehículos de transporte especial e destinados á recollida de materiais residuais, principalmente cascallos de obras.

2. Son sacas de cascallos os recipientes normalizados non ríxidos, con capacidade ata a un metro cúbico.

3. A colocación de colectores para obras e sacas de cascallos está suxeita á obtención previa de autorización municipal, que en ningún caso se outorgará se as condicións da rede viaria non o permiten ou se non se dispón da correspondente licenza para a execución de obras. Permitirase a colocación de sacas unicamente cando os cascallos a retirar non superen na súa totalidade a capacidade dun metro cúbico ou cando polas condicións da vía sexan máis adecuadas ou non sexa posible a colocación de colectores.

4. A colocación de colectores e sacas poderá levar aparellada a esixencia da previa constitución ou depósito de garantía que asegure a reparación dos danos que puidesen causarse no espazo público.

5. Os colectores e sacas situados dentro dun recinto dunha obra, xa autorizado, non precisarán autorización.

6. Ao retirarse o colector ou a saca deberá deixarse en perfectas condicións de limpeza, orde e estética a superficie da vía pública afectada pola súa ocupación. O titular da autorización será responsable do estado da vía pública así como dos danos causados á mesma.

7. Situación na vía pública. Os colectores ou sacas situaranse, se fose posible, no interior da zona pechada de obras. Denon ser posible a súa colocación dentro da obra, poderán situarse en calzadas onde estea permitido o estacionamento, dentro da zona de estacionamento. En todo caso deberán



observarse na súa colocación as prescricións seguintes:

- a) Situaranse preferentemente diante da obra á que serven ou tan preto como sexa posible.
 - b) Deberán colocarse de modo que non impidan a visibilidade dos vehículos, especialmente nos cruzamentos, respectando as distancias establecidas para os estacionamentos polo Regulamento Xeral de Circulación.
 - c) Non poderán situarse nos pasos de peóns nin diante deles ou dos vaos e rebaixes para persoas con discapacidade, nin en reservas de estacionamentos e paradas, excepto cando estas reservas sexan solicitadas para a mesma obra.
 - d) En ningún caso os colectores poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso aos servizos públicos, sobre bocas de incendio, alcorques das árbores nin, en xeral, sobre ningún elemento urbanístico cuxa utilización puidese ser dificultada en circunstancias normais ou en caso de urxencia.
 - e) Colocaranse, en todo caso, de modo que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa ou á liña de fachada, excepto naqueles tramos que teñan estacionamento en batería, nos que se gardará a aliñación.
 - f) Deberán separarse 0,20 metros da beirarrúa, de modo que non impidan o paso das augas superficiais ata o sumidoiro máis próximo.
8. A instalación de sacas sobre beirarrúas e espazos peonís poderá autorizarse cando quede unha zona libre de paso de 1,80 metros, como mínimo, sempre que a retirada das sacas non sexa susceptible de causar danos no pavimento. Excepcionalmente poderá autorizarse a colocación de colectores sobre beirarrúas e espazos peonís cando as circunstancias do tráfico rodado e peonil así o aconsellen. Nese caso adoptaranse as medidas oportunas de protección do pavimento. En calquera caso, deberase respectar as condicións que determina a normativa de accesibilidade vixente.
9. Cando teñan que situarse en zonas de reducida visibilidade ou que nalgunha forma poidan representar un perigo para a circulación de calquera usuario deberán sinalizarse conforme ao establecido na lexislación de tráfico e na presente ordenanza con sinais luminosos durante a noite, aínda que a vía en que se atopen alcance a consideración de suficientemente iluminada. Esta sinalización será a cargo do responsable da súa instalación.
10. Os colectores e sacas só poderán ser utilizados para o fin autorizado.

Artigo -98- Casetas de obras

1. Con carácter xeral a colocación de casetas de obra realizarase dentro do recinto da obra.
2. Excepcionalmente poderá autorizarse a colocación de casetas fóra dos recintos de obra para facilitar a execución das mesmas.
3. A caseta de obras utilizarase tanto como vestiario do persoal operario como para gardar material e ferramenta, cando as obras se refiran, principalmente, a elementos comúns de propiedades horizontais, tales como tellados, fachadas, instalación e substitución de ascensores, e o solicite ben a persoa titular da licenza de obras, ben a Comunidade de Propietarios/as por conta da súa presidencia, con cumprida e suficiente acreditación da imposibilidade de situar tal recinto dentro da propiedade correspondente á Comunidade interesada, como é o portal, o patio ou calquera outro elemento común.
4. A autorización outorgarase trala acreditación da obtención da correspondente licenza de obras e por un período nunca superior ao prazo autorizado para execución das mesmas.

Artigo -99- Estadas, estruturas de obras e maquinaria para construción, mantemento ou rehabilitación de edificios

1. A súa instalación, con independencia da obtención de cantas outras licenzas ou permisos requira deberá ser comunicada ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico na forma e prazos establecidos no artigo 25 para a sinalización de obras na vía pública. Dito órgano



establecerá as condicións de instalación e determinará as medidas oportunas para reorganizar o tráfico de persoas e vehículos pola zona afectada. A sinalización e a adopción das medidas requiridas será por conta do promotor ou executante da obra ou montaxe.

2. A autorización outorgarase trala acreditación da obtención da correspondente licenza de obras e por un período nunca superior ao prazo autorizado para execución das mesmas.

3. En todo caso, e sen prexuízo de aplicación da normativa técnica e de seguridade específica, a instalación que se pretenda executarase cumprindo os seguintes requisitos.

a) Cando se produza a ocupación da beirarrúa ou zona de paso de peóns establecerase un paso integrado ou alternativo de polo menos 1,00 m de ancho.

b) Este paso estará adecuadamente protexido e independizado tanto da obra como do tráfico de vehículos, incluso mediante a colocación dun teito que protexa contra a posible caída de obxectos ou materiais e dotado de iluminación durante a noite e cando pola súa construción quede privado de iluminación exterior.

c) Deberá garantirse a seguridade dos peóns mediante a colocación de elementos protectores nos salientes das estruturas.

Artigo -100- Probas de carácter deportivo

1. A autorización de probas deportivas que transcorran integramente polas vías públicas de competencia municipal corresponde ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico do Concello de Guitiriz.

2. A tramitación iníciase con solicitude do responsable ou organizador que deberá ser presentada con polo menos un mes de antelación á data en que se pretende a súa realización xunto á que se dará traslado de toda a documentación técnica da mesma e bases que a rexerán.

3. Sen prexuízo de esixir canta outra documentación estime procedente, o órgano instrutor solicitará en todo caso informe da Policía Local.

4. A tramitación da autorización das probas deportivas así como o establecemento da regulación da utilización da vía para a súa realización efectuarase de acordo co contido do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

Artigo -101- Actividades audiovisuais. Concepto e autorización

1. Son actividades audiovisuais as de rodaxe ou gravación de películas de cine, programas de televisión, documentais, anuncios publicitarios, vídeos, reportaxes fotográficas ou calquera outro produto audiovisual que se desenvolva na vía pública.

2. Estarán suxeitas a autorización todas aquelas actividades que implican o acoutamento de espazos públicos, a instalación no espazo de elementos propios das gravacións ou a limitación do tránsito peonil ou rodado. As autorizacións para a realización destas actividades deberán ser concedidas polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, que determinará as condicións en que haberá de realizarse a actividade en canto a duración, horario, elementos a utilizar, vehículos e estacionamento.

3. Non precisarán de autorización todas aquelas actividades de filmación e fotografía que utilizando cámaras de gravación portátiles, de man ou sobre o ombreiro, non implican as afeccións antes sinaladas para o uso común.

Artigo -102- Práctica de Xogos. Norma xeral

1. Como norma xeral, quedan prohibidos nas vías, rúas e prazas de uso público os xogos ou diversións que poidan representar unha molestia ou perigo para outras persoas ou para quen as practica, así como para o tráfico rodado, salvo nas zonas especificamente habilitadas para o efecto.

TITULO X - DAS MEDIDAS PROVISIONAIS.



CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo -103- Normas xerais

Son medidas cautelares a inmovilización e a retirada de vehículos da vía pública. A súa aplicación ten como finalidade o mantemento da seguridade viaria así como a consecución dos obxectivos de uso e aproveitamento racional e ordenado das vías. Non teñen a consideración de sancións e a súa aplicación farase conforme á lexislación de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

CAPÍTULO II - DA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS

Artigo -104- Da inmovilización de vehículos

1. A inmovilización dos vehículos das vías públicas incluídas dentro do ámbito de aplicación desta ordenanza e as actuacións posteriores que legalmente procedan, salvo os casos en que por lei corresponda a outra Administración, é competencia do Concello de Guitiriz.

2. Os axentes da Policía Local no exercicio das funcións que teñen encomendadas poderán proceder á inmovilización do vehículo nos seguintes casos:

a) Cando o vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben porque non a obtivo, porque sexa obxecto de anulación ou declarada a súa perda de vixencia, ou se incumpran as condicións da autorización que habilita a súa circulación.

b) Cando o vehículo presente deficiencias, ou se aprecie o incumprimento da lexislación en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, que constitúan un risco especialmente grave para a

seguridade viaria, as persoas e os bens.

c) Cando o condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección ou dos dispositivos de retención infantil nos casos en que fose obrigatorio. Esta medida non se aplicará aos ciclistas.

d) Cando se produza a negativa a efectuar as probas de detección de alcoholemia ou drogas nos termos legalmente establecidos, ou cando estas dean un resultado positivo. Non se aplicará esta medida cando exista outra persoa debidamente habilitada que poida facerse cargo da condución.

e) Cando o vehículo careza de seguro obrigatorio.

f) Cando se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por cento dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.

g) Cando se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.

h) Cando o vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.

i) Cando existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.

j) Cando o vehículo estea dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes

da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas e dos medios de control a través de captación de imaxes.

k) Cando se conduza un vehículo para o que se esixe permiso da clase C ou D sen posuír a autorización administrativa correspondente.

l) Cando o infractor non acredite residencia habitual en España. Non se aplicará nos casos que este aboe a contía da sanción fixada con carácter provisional polos axentes encargados da vixilancia do



tráfico ou garanta o pago da mesma mediante calquera medio válido en dereito.

m) Nos restantes casos previstos na lexislación vixente.

3. Con carácter xeral, a inmovilización dun vehículo levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Artigo -105- Situacións de risco grave para a circulación, as persoas ou os bens

Para os efectos do establecido no artigo anterior, apartado 1. b), considerarase que un vehículo presenta deficiencias ou que circula incumprindo a lexislación en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, en forma que constitúe un risco especialmente grave para a seguridade viaria, as persoas e os bens nos seguintes casos:

a) Cando o condutor non presente permiso de condución ou o que presente non sexa válido e non sexa posible determinar por outros medios que dispón del.

b) Cando o vehículo presente deficiencias graves que constitúan perigo para a circulación ou produza danos na calzada.

c) Cando o vehículo circule cun peso ou dimensións superiores nun 10% ás permitidas pola normativa vixente ou nas autorizacións que amparen a súa circulación, salvo nos casos que a lexislación específica na materia estableza outros límites.

d) Cando o vehículo circule en lugares ou en circunstancias en que sexa obrigatoria a utilización de pneumáticos especiais ou cadeas e non os leve instalados.

e) Cando as posibilidades de movemento e o campo de visión do condutor resulten sensible e perigosamente reducidos, polo número ou posición dos pasaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.

Artigo -106- Outros supostos de inmovilización do vehículo

Os axentes da Policía Local poderán ordenar a inmovilización daqueles vehículos que logo de sufrir un accidente de tráfico que pola súa intensidade, ou por outras causas, sexan propostos para a súa sometemento a unha Inspección Técnica previa á súa nova posta en circulación se atopen circulando sen dar cumprimento a tal esixencia.

Artigo -107- Procedemento e efectos da inmovilización

1. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o

axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

2. Será requisito previo á inmovilización dun vehículo a interposición polos axentes da Policía Local da correspondente denuncia pola presunta infracción que motiva a adopción de tal medida.

3. A inmovilización dun vehículo, con independencia da denuncia referida no punto anterior, documentarase mediante a confección dunha acta para o efecto, na que constarán como mínimo os datos identificadores dos interesados e axente ou axentes actuantes, lugar data e hora, motivo da inmovilización, lugar onde queda o vehículo e as advertencias legais que procedan, que será asinada polos intervinientes.

Cando a inmovilización teña a súa orixe en actuacións de instrución de atestados, as correspondentes dilixencias terán a consideración de acta.

4. Complementariamente a inmovilización, por causa motivada que deberá constar na acta redactada para o efecto, ou, de ser o caso, por orde da autoridade que a decretase, poderá practicarse ademais o precinto do vehículo.

5. A Policía Local poderá ordenar a inmovilización mediante a colocación de cepos ou doutros elementos físicos que garantan a inmovilidade do vehículo.



6. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. Na súa falta serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario, e a falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de recurso e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dea lugar a que a Administración adopte dita medida

7. Cando a inmovilización se deba a algunha das causas previstas nos apartados h) i) e j) do artigo 101, soamente poderá ser levantada no caso de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, se certifique por aquel a desaparición do sistema ou da manipulación detectada ou xa non se superen os niveis máximos permitidos. Nestes supostos, a inspección correrá a cargo do denunciado, se se acredita a infracción.

8. Se o vehículo inmovilizado fose utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

CAPÍTULO III - DA RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA

Artigo -108- Competencia municipal

A retirada dos vehículos das vías públicas incluídas dentro do ámbito de aplicación desta ordenanza e o seu posterior depósito no lugar establecido para o efecto nos casos que legalmente proceda é competencia do Concello de Guitiriz.

Artigo -109- Situacións en que procede a retirada e depósito dun vehículo

1. A Policía Local poderá proceder, se o obrigado a iso non o fixese, á retirada do vehículo da vía e ao seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización, non houbese lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas ou non ofrecese condicións de seguridade.

d) Cando inmovilizado un vehículo de acordo co disposto no capítulo II do presente título transcorresen 24 horas sen emendar as deficiencias que motivaron a inmovilización.

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcamento reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e nas zonas reservadas á carga e descarga durante o seu horario de utilización.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza ou cando se pase o triplo do tempo autorizado.

h) Cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo para a circulación.

i) As bicicletas só poderán ser retiradas e levadas ao correspondente depósito se están abandonadas ou se, estando amarradas, dificultan a circulación de vehículos ou persoas ou danan o mobiliario urbano.

Artigo -110- Situacións que constitúen perigo

1. Consideraranse situacións en que un vehículo orixina perigo para o resto de usuarios os casos



seguintes:

- a) Cando sexa estacionado na mediana, illotes, separadores ou sobre outros elementos de canalización do tráfico.
- b) Cando sexa estacionado no centro da calzada.
- c) Cando sexa estacionado en curvas ou cambios de rasante de visibilidade reducida.
- d) Se ao estacionar nunha intersección obriga a invadir a vía de acceso con escasa ou nula visibilidade.
- e) Cando sexa estacionado en lugares que impidan a visibilidade dos sinais ou obriguen a realizar manobras antirregulamentarias a outros usuarios.
- f) Cando sexa estacionado ante as saídas de emerxencia de locais ou establecementos públicos durante o horario de funcionamento.
- g) Calquera outra parada ou estacionamento que, sen estar incluídos nos apartados anteriores, constitúan un perigo para a circulación de peóns, vehículos ou animais.

2. O axente denunciante deberá facer constar no boletín de denuncia cal é a situación de perigo concreta creada.

Artigo -111- Situacións que causan grave perturbación da circulación

1. Consideraranse situacións de grave perturbación para a circulación cando un vehículo permaneza estacionado nos casos seguintes:

- a) Se a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre a mesma que indique prohibición de atravesala é inferior a tres metros.
- b) Se non permite o paso doutros vehículos.
- c) En dobre fila sen condutor.
- d) Nos casos apuntados no artigo anterior en que o estacionamento supoña unha obstrución grave ao tráfico.
- e) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
- f) Cando se impide ou se dificulta a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de vehículos, persoas ou animais.
- g) En caso de dificultar o uso normal dos pasos rebaxados para discapacitados.
- h) En caso de impedir ou dificultar o xiro autorizado.
- i) En caso de estacionar nos espazos prohibidos das vías cualificadas de atención preferente ou en lugares onde a sinalización prohibe a parada.
- j) Outras paradas ou estacionamentos que sen estar incluídos nos apartados anteriores constitúan unha obstaculización grave para o tráfico de persoas, vehículos ou animais.
- k) Cando unha vez denunciado por motivo de estacionamento, transcorran 24 horas dende que se formulou a denuncia, sen que sexa retirado.

2. O axente denunciante deberá facer constar no boletín de denuncia cal é a situación que xera a grave perturbación concreta.

Artigo -112- Situacións de perturbación do funcionamento de servizos públicos e deterioración do patrimonio público ou da vía

1. Consideraranse situacións de grave perturbación do funcionamento de servizos públicos ou deterioración do patrimonio público ou da vía, cando un vehículo permaneza estacionado nos casos seguintes:

- a) Nas paradas de transporte público sinalizadas e delimitadas.
- b) Nos espazos expresamente delimitados e reservados a servizos de urxencia e seguridade.



- c) Nos espazos expresamente reservados e sinalizados para outros servizos públicos.
 - d) Nos xardíns, sobre as beirarrúas, en fontes ou zonas en xeral acondicionadas con fins de decoro ou ornato.
 - e) En calquera forma que o vehículo cause a deterioración da vía pública, da sinalización ou das dotacións existentes na mesma.
2. O axente denunciante deberá facer constar no boletín de denuncia cal é a situación que xera a grave perturbación concreta.

Artigo -113- Procedemento e efectos da retirada e depósito de vehículos

1. A intervención da Policía Local iniciárase necesariamente co requirimento ao condutor, propietario ou persoa encargada do vehículo, se se atópase xunto a este para que faga cesar a súa situación irregular e, en caso de non existir dita persoa ou de que non atenda o requirimento, poderán levar a cabo o traslado do vehículo ao depósito destinado para o efecto.
2. Se iniciada a retirada comparece o condutor ou outra persoa autorizada e adopta as medidas necesarias para facerse cargo do vehículo, procederase á entrega do mesmo, sempre que previamente aboe as taxas establecidas na correspondente Ordenanza Fiscal. A restitución do vehículo levarase a cabo tralas comprobacións relativas á personalidade do titular administrativo ou, na súa falta, do condutor.
3. Toda retirada e depósito de vehículos que se leve a cabo por algún dos motivos establecidos nos artigos anteriores deberá ir precedida da interposición da correspondente denuncia polos axentes da Policía Local, excepto cando a actuación derive de accidente de circulación.
4. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dea lugar á retirada.
5. As taxas pola retirada de vehículos da vía pública, o seu depósito e estancia nas dependencias destinadas para o efecto serán fixadas mediante Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO IV -DA RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS POR MOTIVOS DISTINTOS DE INFRACCIÓN

Artigo -114- Situacións de aplicación

1. Os axentes encargados da vixilancia do tráfico ou o Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderán ordenar a retirada do lugar da vía onde se atopen, aínda estando correctamente estacionados, dos vehículos que se atopen nalgunha das situacións seguintes:
 - a) Cando estean estacionados no itinerario polo que vaia discorrer algunha comitiva, proba deportiva, procesión, cabalgata, etc., debidamente autorizada.
 - b) Cando sexa preciso por motivos de seguridade, urxencia ou razóns de interese xeral.
 - c) Cando sexa preciso pola execución de obras a reparación e limpeza da vía pública.
2. Nos casos a) e c), deberá sinalizarse a parte da vía, ou, de ser o caso a vía ou vías afectadas, con polo menos 24 horas de antelación e con indicación do horario a partir do cal os vehículos non poderán permanecer na zona sinalizada.
3. Cando se estime procedente poderanse colocar notas informativas de aviso nos parabrisas dos vehículos afectados ou en lugares de tránsito veciñal.
4. Os vehículos retirados en aplicación do disposto no presente artigo non serán trasladados ao



depósito municipal e situaranse nun lugar o máis próximo posible a onde se atopaban, non podendo tramitarse denuncia ou sanción nin esixirse cantidade ningunha polo traslado.

5. Non será de aplicación o previsto no punto anterior aos vehículos que estivesen estacionados en forma que o seu estacionamento constituía infracción que dea lugar á súa retirada conforme ao disposto no Capítulo III do presente título, ou os seus condutores os estacionasen logo de ser colocada a sinalización prevista no punto 2. deste artigo.

CAPÍTULO V - DA RETIRADA DE VEHÍCULOS E OBXECTOS POR CAUSA DE ABANDONO E O SEU TRATAMENTO

Artigo -115- Prohibición de abandono de vehículos

1. Prohíbese o abandono de calquera vehículo nas vías ou terreos obxecto de aplicación da presente ordenanza.
2. Sen prexuízo da aplicación da lexislación medio ambiental en canto proceda, para os efectos da súa retirada e destino procederase de acordo co disposto no presente capítulo.

Artigo -116- Situacións de abandono de vehículos

Considérase que un vehículo está abandonado cando se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- a) Cando transcorran máis de dous meses dende que fose inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola Administración e o seu titular non formulase alegacións.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.
- c) Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente do mesmo nun recinto privado o seu titular non o retirou no prazo de dous meses.

Artigo -117- Consideración de residuo

Considérase que un vehículo abandonado constitúe residuo sólido cando presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios e careza de matrícula e de calquera outro rexistro ou medio que permita coñecer a identidade do seu titular.

Artigo -118- Exclusiones

1. Non terán a consideración de abandonados nin residuos, quedando fóra de aplicación do contido do presente capítulo, aqueles vehículos que se coñeza que se atopen incursos en procedementos xudiciais, tanto relativos a feitos de tráfico como de calquera outra clase ou administrativos.
2. Calquera actuación relativa aos mesmos requirirá a previa autorización da Autoridade baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos que lles afecten.

Artigo -119- Abandono de bicicletas

1. Ademais dos casos previstos no art. 113, considérase unha bicicleta está en situación de abandono cando se atope na vía pública, presente deterioración que impida o seu uso ou lle falten partes esenciais e permaneza no mesmo lugar por espazo de polo menos tres días.
2. Salvo que se coñeza o seu propietario, nese caso actuarase na forma prevista para tal situación, procederase á súa retirada da vía polos servizos municipais que corresponda e ao seu tratamento como residuo sólido de forma inmediata, especialmente cando causen deterioración do patrimonio público ou se atopen en lugares onde está especificamente prohibido estacionar ou causen prexuízos ao resto dos usuarios.



Artigo -120- Tratamento residual do vehículo

O Concello de Guitiriz ordenará o traslado dos vehículos abandonados ou que sexan considerados como residuos a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación.

Artigo -121- Tramitación administrativa

1. A tramitación correspondente á xestión do tratamento de vehículos abandonados será executada polo servizo municipal que designe o Alcalde ou órgano correspondente do concello.
2. De non existir designación expresa corresponderá á Policía Local.
3. Toda actuación de retirada e procesamento dun vehículo por motivo de abandono requirirá a tramitación dun expediente individualizado en que quedarán recollidas todas as actuacións practicadas.

Artigo -122- Procedemento de retirada

1. O procedemento iniciárase mediante acta, informe fotográfico, comunicación de terceiros ou calquera outro medio que permita ter coñecemento e documentar de modo fidedigno a situación de abandono en que se atopa o vehículo.
2. Nos supostos en que o vehículo afectado, aínda tendo signos evidentes de abandono, dispoña de matrícula ou outros rexistros ou marcas visibles que permitan a identificación do seu titular requirirase a este concedéndolle un prazo dun mes para que o retire, con advertencia de que en caso de incumprimento se procederá ao traslado deste a un Centro de Tratamento Autorizado para a destrución e descontaminación do mesmo.
3. Os vehículos en situación de abandono que representen un perigo ou risco para o resto dos usuarios retiraranse ao depósito municipal de forma inmediata á apertura do expediente, realizando a continuación o requirimento ao seu titular que se establece no apartado anterior, con indicación de que o vehículo foi retirado e depositado, o lugar en que se atopa e a información relativa o abono de taxas que lle afectan por concepto de retirada, traslado e permanencia en depósito, aplicables de acordo co disposto na ordenanza fiscal correspondente.
4. A Administración municipal poderá ordenar o traslado directamente dende o punto da vía onde se atopen a un Centro de Tratamento Autorizado dos vehículos non identificables que proceda clasificar como residuos e dos comprendidos no punto 2 anterior cuxo titular non se fixo cargo dos mesmos unha vez concluído o prazo concedido para o efecto.
Opcionalmente poderá dispoñer a súa retirada polo servizo de guindastre municipal ao depósito previamente á tramitación da súa entrega ao referido centro.
5. No caso de ser recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente do mesmo nun recinto privado e o seu titular non o retirou no prazo de dous meses, procederase de acordo co establecido no artigo 106 do R.D.L 6/2015 de 30 de novembro.

Artigo -123- Adscrición de vehículos abandonados

Naqueles casos en que se estime conveniente o Alcalde ou autoridade correspondente por delegación poderán acordar a substitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia do tráfico.

Artigo -124- Retirada de elementos e obxectos da vía pública

1. O concello poderá requirir aos responsables da instalación dos elementos ou obxectos a retirada inmediata dos mesmos, ou ben levala a cabo subsidiariamente cos servizos municipais pertinentes ou cunha empresa contratada para o efecto, cando:
 - a) Estean instalados sen dispor de autorización municipal.



- b) Se incumpran as condicións fixadas na autorización.
 - c) Xa non se dean as circunstancias que motivaron a autorización de colocación do obstáculo ou obxecto.
 - d) Causen prexuízo ou produzan risco á circulación de persoas ou vehículos.
2. Os gastos que se produzan pola retirada do obxecto irán a cargo do titular ou responsable da colocación, sen prexuízadas sancións que poidan corresponder.
3. Procederá así mesmo o movemento ou a retirada dos obstáculos, con cargo ao Concello, cando resulte necesario por razóns de seguridade ou hixiénico- sanitarias así como cando o requira a realización de obras urxentes, celebración de espectáculos, paso de comitivas debidamente autorizadas e outros supostos análogos que xustifiquen tal medida.

TITULO XI - DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

CAPÍTULO I - DAS INFRACCIÓNS

Artigo -125- Disposicións xerais

1. As accións ou omisións contrarias aos preceptos contidos nesta ordenanza terán o carácter de infraccións administrativas.
2. Cando os feitos constitutivos de infracción denunciados presenten indicios de existencia de responsabilidade penal trasladaranse ao Ministerio Fiscal por se procede o exercicio da acción penal e suspenderase o procedemento administrativo.
3. Se a Autoridade Xudicial acorda a apertura de procedemento penal e este conclúe con sentenza condenatoria, archivarase o procedemento administrativo de forma definitiva e sen declaración de responsabilidade. Se finaliza con sentenza absolutoria, sempre que a causa de absolución non sexa a declaración de inexistencia do feito denunciado, iniciárase ou continuará o procedemento sancionador en vía administrativa, debendo a resolución que se dite respectar a declaración de feitos probados no procedemento penal.

Artigo -126- Persoas responsables

1. A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta ordenanza recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción. No en tanto:
 - a) O condutor de calquera vehículo para o que se esixa o uso de casco por condutor e pasaxeiro será responsable pola non utilización do casco de protección polo pasaxeiro así como por transportar pasaxeiros que non contén coa idade mínima esixida.
 - b) Así mesmo, o condutor do vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 13.4 do R.D.L 6/2015 de 30 de outubro cando se trate de condutores profesionais.
 - c) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezoito anos responderán solidariamente con el da multa imposta os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obrigaón imposta a estes que leva consigo un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.
 - d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este tivese designado un condutor habitual, a responsabilidade recaerá neste, salvo que acredite que era outro o condutor ou a subtracción do vehículo.
 - e) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado un condutor habitual será responsable o condutor identificado polo titular ou o arrendatario a longo prazo, de acordo coas obrigaóns impostas no artigo 11 do R.D.L 6/2015 de 30 de outubro.
 - f) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable o arrendatario do vehículo. No caso de que este manifestase non ser o condutor, ou fose persoa xurídica,



corresponderanlle as obrigacións que para o titular establece o artigo 11 do R.D.L 6/2015 de 30 de outubro. A mesma responsabilidade corresponderá aos titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres se atopen alí depositados.

g) O titular, ou o arrendatario a longo prazo, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo.

h) O titular ou o arrendatario, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, será responsable das infraccións por estacionamento ou por falta de pagamento das peaxes das vías que o teñan regulado, salvo nos supostos en que o vehículo tivese designado un condutor habitual ou se indique un condutor responsable do feito.

2. Os contratistas ou subcontratistas e subsidiariamente os propietarios e promotores serán os responsables das infraccións cometidas por ocupación da vía pública, sinalización e demais normas contidas nesta ordenanza en relación coa execución de obras ou instalacións que afecten á mesma e á súa sinalización.

Artigo -127- Clasificación das infraccións

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. A cualificación dos feitos que vulneren o contido da presente ordenanza como infracción leve, grave ou moi grave farase de acordo co establecido polo Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de novembro, polo que se aproba o textorefundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria no seu artigo 76 e seguintes, polo Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e polas demais normas que resulten de aplicación tanto directa como subsidiariamente.

3. As infraccións en materias distintas das reguladas no presente título sancionaranse de acordo coa súa normativa específica.

Artigo -128- Infraccións leves

En aplicación do disposto no artigo 127.2 son infraccións leves as condutas tipificadas nesta ordenanza referidas a:

- a) Circular nunha bicicleta sen facer uso da iluminación regulamentaria.
- b) Non facer uso dos elementos e pezas reflectoras por parte dos usuarios de bicicletas.
- c) Incumplir as normas contidas nesta lei que non se cualifiquen expresamente como infraccións graves ou moigraves nos artigos seguintes.

Artigo -129- Infraccións graves

En aplicación do disposto no artigo 127.2 son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta ordenanza referidas a:

- a) Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos ou circular nun tramo a unha velocidade media superior á regulamentariamente establecida, de acordo co recolleito no anexo IV do Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.
- b) Realizar obras na vía sen comunicalas con anterioridade ao seu inicio á autoridade responsable da regulación, ordenación e xestión do tráfico así como non seguir as instrucións de devandita autoridade referentes ás obras.



- c) Incumprir as disposicións desta lei en materia de preferencia de paso, adiantamentos, cambios de dirección ou sentido e marcha atrás, sentido da circulación, utilización de carrís e beiravías e, en xeral, toda vulneración das ordenacións especiais de tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación.
- d) Parar ou estacionar no carril bus, en curvas, cambios de rasante, zonas de estacionamento para uso exclusivo de persoas con discapacidade, túneles, pasos inferiores, interseccións ou en calquera outro lugar perigoso ou no que se obstaculice gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para os peóns, zonas de estacionamento regulado con horario limitado sen colocar o distintivo correspondente ou rebasando o tempo maximo permitido.
- e) Circular sen facer uso da iluminación regulamentaria.
- f) Conducir utilizando calquera tipo de casco de audio ou auricular conectado a aparellos receptores ou reprodutores de son ou outros dispositivos que diminúan a atención permanente á condución.
- g) Conducir utilizando manualmente dispositivos de telefonía móbil, navegadores ou calquera outro medio ou sistema de comunicación así como utilizar mecanismos de detección de radares ou cinemómetros.
- h) Non facer uso do cinto de seguridade, sistemas de retención infantil, casco e demais elementos de protección.
- i) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas ou con menores nos asentos dianteiros ou traseiros, cando non estea permitido.
- j) Non respectar os sinais e ordes dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.
- k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.
- l) Non respectar o sinal de stop ou o sinal de ceda o paso.
- ll) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización que carece de validez por non cumprir os requisitos administrativos esixidos regulamentariamente en España.
- m) Condución negligente.
- n) Botar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes ou que obstaculicen a libre circulación.
- ñ) Non manter a distancia de seguridade co vehículo precedente.
- o) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, salvo que sexa cualificada como moi grave, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.
- p) Incumprir a obrigaón de todo condutor de verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.
- q) Non facilitar ao axente da autoridade encargado da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teña encomendadas a súa identidade nin os datos do vehículo solicitados polos afectados nun accidente de circulación, estando implicado no mesmo.
- r) Conducir vehículos coa carga mal acondicionada ou con perigo de caída.
- s) Conducir un vehículo tendo prohibido o seu uso.
- t) Circular cun vehículo cuxo permiso de circulación está suspendido.
- u) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.
- v) Incumprir a obrigaón de impedir que o vehículo sexa conducido por quen nunca obteña o permiso ou alicenza de condución correspondente.



- w) Incumprir as normas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensino e formación e dos centros de recoñecemento de condutores acreditados polo Ministerio do Interior ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, salvo que poidan cualificarse como infraccións moi graves.
- x) Circular por autopistas ou autovías con vehículos que o teñen prohibido.
- y) Non instalar os dispositivos de alerta ao condutor nos garaxes ou aparcamentos nos termos legal e regulamentariamente previstos.
- z) Circular en posición paralela con vehículos que o teñen prohibido.

Artigo -130- Infraccións moi graves

En aplicación do disposto no artigo 127.2, son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas tipificadas nesta ordenanza referidas a:

Non respectar os límites de velocidade regulamentariamente establecidos ou circular nun tramo a unha velocidade media superior á regulamentariamente establecida, de acordo co recollido no anexo IV do Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Circular cun vehículo cuxa carga caeu á vía, polo seu mal acondicionamento, creando grave perigo para o resto dos usuarios.

Conducir con taxas de alcohol superiores ás que regulamentariamente se establezan ou con presenza no organismo de drogas.

Incumprir a obriga de todos os condutores de vehículos, e dos demais usuarios da vía cando se atopen implicados nalgún accidente de tráfico ou cometan unha infracción, de someterse ás probas que se establezan para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo.

Condución temeraria.

CAPÍTULO II - DAS SANCIÓNS E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo -132- Contía das sancións

1. As sancións a infraccións leves consistirán en multa de 80,00 €.
2. As sancións a infraccións graves consistirán en multa de 200,00 €
3. As sancións a infraccións moi graves consistirán en multa de 500,00 €, salvo que proceda a aplicación doutras contías de acordo co establecido na lexislación xeral.
4. As sancións a infraccións consistentes en non respectar os límites de velocidade sancionaranse na contía prevista no anexo IV do R.D.L. 6/2015 de 30 de outubro.
5. No non previsto nos apartados anteriores aplicarase o establecido no artigo 80 do R.D.L. 6/2015 de 30 de outubro.
6. A determinación codificada das infraccións ao establecido na presente ordenanza así como a sanción a impoñer en cada caso establécese no Cadro de Infraccións e Sancións que figura como ANEXO I. En todo o non previsto no mesmo aplicarase a Relación Codificada de Infraccións e Sancións que aprobe a Dirección Xeral de Tráfico ou órgano competente na materia que corresponda.

Artigo -133- Graduación das sancións

A contía das multas previstas no artigo anterior poderá incrementarse nun 30% cando concorran as circunstancias e nos termos establecidos no art. 81 do R.D.L 6/2015 de 30 de outubro.



Artigo -134- Redución das sancións

1. Aplicarase unha redución do 50% do importe da sanción aos infractores que efectúen voluntariamente o pago da multa, ben no acto da entrega da denuncia ou dentro do prazo de vinte días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación da denuncia.
2. O mencionado pago con redución implica a suxeición ao procedemento sancionador abreviado previsto no R.D.L 6/2015 de 30 de outubro na totalidade dos seus termos e efectos.

Artigo -135- Concorrenza de infraccións

Cando un mesmo feito sexa constitutivo de dúas ou máis infraccións ou que unha infracción sexa un medio necesario para cometer outra imponse a sanción correspondente á infracción máis grave.

Artigo -136- Competencia sancionadora

1. A competencia para sancionar as infraccións cometidas nas vías obxecto da presente ordenanza, tanto se se trata de infraccións contra as normas e obrigacións expresamente contidas na mesma, como para sancionar calquera infracción á normativa de carácter xeral establecida polo R.D.L. 6/2015 de 30 de Outubro e os seus regulamentos de desenvolvemento, salvo que revestisen carácter penal ou que estea expresamente atribuída a outras autoridades, corresponde ao Alcalde do Concello de Guitiriz, podendo delegala na forma establecida na lexislación de réxime local.
2. Cando por aplicación da normativa xeral en materia de tráfico e circulación de vehículos unha sanción leve aparelladaa perda de puntos do permiso de conducir, no momento que alcance firmeza, o Concello de Guitiriz realizará as actuacións necesarias para o efecto de proceder á súa detración nos termos e forma legalmente establecida.

Artigo -137- Procedemento sancionador

1. Non se imponse sanción ningunha por infraccións aos preceptos da presente ordenanza e da lexislación de carácter xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, senón en virtude de procedemento instruído de acordo ás normas previstas.
2. A sanción das infraccións en materia de tráfico cuxa imposición sexa competencia do Alcalde de Guitiriz, tanto en exercicio directo como de forma delegada, tramitarase de acordo co procedemento establecido ao efecto polo Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, polo Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e polas demais normas que resulten de aplicación tanto directa como subsidiariamente.
3. A instrución dos expedientes incoados por infraccións de tráfico executaraa o órgano que designe o Concello de Guitiriz.

Artigo -138- Convenios de colaboración

O Concello de Guitiriz, coa finalidade de lograr a instrución dos procedementos sancionadores, o cobro das sancións ou a execución de intereses comúns, poderá celebrar cantos convenios ou acordos de colaboración estime adecuados con outras administracións e os seus organismos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Autorizacións

Todas cantas autorizacións se expidan en cumprimento da presente ordenanza enténdense unicamente para os efectos de tráfico e circulación, de forma que a súa obtención nin substitúe nin comprende a calquera outra que resultase necesaria, como licenzas de obra ou permisos de ocupación da vía pública que fose necesario obter en cumprimento doutra normativa, municipal ou doutro tipo, que resultase de aplicación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Aplicación de taxas

Todas as autorizacións ou licenzas que se expidan en cumprimento da presente ordenanza quedan suxeitas ao cumprimento de cantos requisitos e abono de taxas de carácter fiscal lles resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Procedemento de medición do nivel de ruído dos vehículos e outras emisións contaminantes

1. Para efectuar as medidas seguiranse os métodos de medición previstos na normativa específica.
2. Todos os condutores están obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobaras posibles deficiencias das emisións dos vehículos.
3. Os condutores han de trasladar o vehículo a un lugar onde se poida facer a medida, tendo en conta que se se negasena Administración pode usar os medios máis adecuados para o traslado.
4. A falta de colaboración na realización das medidas pode ocasionar a inmovilización inmediata do vehículo.
5. Apercebido o condutor do exceso de emisión de ruídos do seu vehículo por axente de tráfico, aquel deberá trasladar o seu vehículo de xeito inmediato a efectuar proba da medida das emisións de ruído do seu vehículo.
6. A superación por parte dun vehículo do límite máximo de emisión de ruídos, establecido na ordenanza medioambiental competente, será tipificada como infracción grave.

Inmovilizacións de vehículos por motivos medioambientais:

1. As inmovilizacións específicas por infraccións relacionadas coas emisións levaranse a cabo seguindo as seguintes directrices:
 - a) A Policía Local, trala realización das probas técnicas necesarias, poderá inmovilizar os vehículos que superen os niveis de gases, fumes, partículas e ruídos permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.
 - b) A inmovilización levantarase só para o traslado do vehículo ao lugar onde se teñan que reparar as deficiencias que a motivaron. O traslado ata o lugar de reparación farase con guindastre ou medio de transporte equivalente.
 - c) O titular do vehículo terá que reparar as anomalías dentro do prazo máximo de 15 días. Para o efecto da comprobación e dentro deste prazo terá que achegar unha certificación dunha estación de Inspección Técnica de Vehículos onde conste que os equipos afectados funcionan sen deficiencias ou superar favorablemente unha nova inspección realizada nun taller, instalación municipal ou privado, designado pola Policía Local, que dispoña dos equipos precisos para efectuar as medicións necesarias. En caso contrario poderase instar á autoridade competente a executar a perda de vixencia da autorización administrativa correspondente ao vehículo.
2. A realización da proba de medición da emisión de ruídos, fumes, gases ou partículas dun vehículo, supoñerá para o seu titular o aboamento do custo da súa realización, no caso de que exceda os límites de emisión establecidos na ordenanza medio ambiental competente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta Ordenanza

Os procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza seguirán rexendo, ata a súa terminación, polas normas vixentes no momento da súa iniciación, salvo que puidesen derivarse efectos máis favorables para o cidadán coa entrada en vigor da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Actualizacións das contías das sancións de multa

As contías das sancións de multa previstas na presente ordenanza actualizaranse por acordo do Pleno da Corporación do Concello de Guitiriz.



DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

ANEXO I - CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS

ABREVIATURAS

NORMA	O.M.C. = ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN
ART.	ARTIGO INFRINXIDO
APT.	APARTADO
OPC.	OPCIÓN
PUN.	PUNTOS A DETRAER
CALIFICACIÓN	LEVE/GRAVE/MOI GRAVE Con indicación do artigo e apartado que determina a inclusión no tipo respectivo
TEXTO INFRACCIÓN	TEXTO INFRACCIÓN
IMPORTE/IMP. RED.	CIFRA SUPERIOR: Importe sanción CIFRA INFERIOR: Importe reducido cando proceda a aplicación do procedemento sancionador abreviado

Artigo 6.- Usuarios

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	006	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Comportarse indebidamente na circulación causando perigo ás persoas (deberá indicarse detalladamente o comportamento e/ou o tipo de perigo causado).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	006	1	1B	0	Leve Art.128 c)	Comportarse indebidamente na circulación entorpecendo a mesma, causando prexuízos e molestias innecesarias ás persoas ou danos aos bens (deberá indicarse detalladamente o comportamento e/ou o tipo de prexuízo, molestia ou dano causados).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	006	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Realizar actividades na vía pública destinadas a organizar o estacionamento de vehículos, ordenalo en calquera forma ou dirixir e asistir á xeneralidade dos condutores na realización das manobras correspondentes.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	006	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Non respectar as indicacións do persoal colaborador da autoridade encargada da vixilancia do tráfico, ou doutras forzas e corpos de seguridade, en dispositivos especiais de tráfico ou situacións de urxencia.	80,00 € 40,00 €



Artigo 7.- Condutores, ocupantes, titulares e/ou arrendadores de vehículos e outros usuarios

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	007	1	1A	6	Moi grave Art.130 e)	Conducir de forma temeraria (describir con detalle a conduta merecedora do cualificativo de temeraria).	500,00 € 250,00 €
O.M.C.	007	1	1B	0	Grave Art.129m)	Conducir de forma negligente creando unha situación de risco ou perigo para si mesmo, os demais ocupantes do vehículo ou ao resto de usuarios da vía (deberá detallarse, de modo breve e claro, a conduta e o risco ou perigo que implica).	260,00 € 130,00 €
O.M.C.	007	1	1C	0	Grave Art.129m)	Conducir sen a dilixencia, precaución e non distracción necesarios para evitar todo dano propio ou alieo (deberá detallarse a conduta).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	1	1D	0	Grave Art.129 p)	Circular cun vehículo cuxas placas de matrícula presentan obstáculos que impiden ou dificultan a súa lectura e identificación (detallar se existe obstáculo, falta de visibilidade ou inexistencia de placas).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	1	1E	0	Leve Art.128 c)	Conducir sen adoptar as precaucións necesarias para a seguridade doutros usuarios da vía (deberá indicarse o feito que provocou a falta de precaución).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1F	0	Leve Art.128 c)	Conducir o vehículo sinalado sen manter a propia liberdade de movementos (deberán concretarse os feitos).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1G	0	Leve Art.128 c)	Conducir un vehículo sen manter o campo de visión (deberán concretarse os feitos).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1H	0	Leve Art.128 c)	Conducir un vehículo sen manter a atención permanente á condución (deberán concretarse os feitos).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1I	0	Leve Art.128 c)	Conducir un vehículo sen manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros (deberán concretarse os feitos).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1J	0	Leve Art.128 c.	Conducir un vehículo sen coidar da adecuada colocación dos obxectos ou algún animal transportado para que non interfiran a condución (deberán concretarse os feitos).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	1	1K	4	Grave Art.129 h)	Non utilizar o condutor do vehículo o cinto de seguridade, correctamente abrochado.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	1	1L	0	Grave Art.129 h)	Non utilizar o ocupante do vehículo o cinto de seguridade, correctamente abrochado (denunciar por este feito tanto en caso de maiores como de menores de idade que, non estando incluídos nos casos exentos, teñan que utilizar o correspondente cinto de seguridade.)	200,00 € 100,00 €



O.M.C.	007	2	2A	3	Grave Art.129 f)	Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2B	6	Grave Art.129 g)	Conducir utilizando manualmente o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución (deberá especificarseo dispositivo utilizado).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2C	3	Grave Art.129 f)	Circular cun vehículo utilizando o condutor dispositivos visuais incompatibles coa atención permanente á condución (deberá especificarse o dispositivo utilizado).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2D	0	Grave Art. 129 i)	Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de motocicletas ou ciclomotores en condicións distintas ás regulamentarias (deben terse en conta as excepcións regulamentarias para maiores de 7 anos).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2E	0	Moi grave Art.130 p)	Instalar un inhibidor de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico (deberá concretarse o mecanismo ou sistema).	3.000,00 € SEN REDUC
O.M.C.	007	2	2F	3	Grave Art.129 g)	Conducir o vehículo sinalado utilizando mecanismos de detección de radares ou cinemómetros (trala entrada en vigor da lei 6/2014, de 7 de abril, amplíase a instrumentación prohibida non só aos inhibidores senón tamén aos detectores).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2G	6	Moi grave Art.130 h)	Conducir co vehículo sinalado levando instalado un inhibidor de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico (deberá concretarse o mecanismo ou sistema.)	6.000,00 € SEN REDUC
O.M.C.	007	2	2H	6	Grave Art.129 n)	Botar sobre a vía obxectos ou materias que fagan perigosa a libre circulación, parada ou estacionamento ou deteriorar aquela ou as súas instalacións (deberá indicarse o obxecto ou materia que cause o perigo ou deterioración).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	2	2I	0	Leve Art.128 c)	Depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento (deberá indicarse o obxecto ou materia que cause o entorpecemento).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	007	3	3A	0	Grave Art.129 v)	Non impedir o titular, o arrendatario a longo prazo ou o condutor habitual que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	007	3	3B	0	Moi grave Art.130 j)	Non facilitar o titular ou arrendatario do vehículo, debidamente requirido para iso, a identificación veraz do condutor do mesmo no momento de ser cometida unha infracción (a contía da multa proposta será o dobre da prevista para a infracción leve orixinaria que a motivou).	SEN REDUC.



O.M.C.	007	3	3C	0	Moi grave Art.130 j)	Non facilitar o titular ou arrendatario do vehículo, SEN REDUC. debidamente requirido para iso, a identificación veraz do condutor do mesmo no momento de ser cometida unha infracción (a contía da multa proposta será o triplo da prevista para a infracción grave ou moi grave orixinaria que a motivou).
--------	-----	---	----	---	-------------------------	--

Artigo 8.- Sentido da circulación

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	008	1	1A	0	Grave Art.129 c)	Non circular pola vía o máis cerca posible do bordodereito da calzada deixando completamente libre a metade da calzada que corresponda aos que poidan circular en sentido contrario.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	008	1	1B	0	Grave Art.129 c)	Non circular pola vía nun cambio de rasante ou curva de reducida visibilidade deixando completamente libre a metade da calzada que corresponda aos que poidan circular en sentido contrario.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	008	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Circular por unha vía de dobre sentido de circulación sen arrimarse o máis cerca posible ao bordo dereito da calzada para manter a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguridade.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	008	1	1D	6	Moi grave Art.130 f)	Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación en sentido contrario ao estipulado.	500,00 € 250,00 €
O.M.C.	008	4	4A	6	Moi grave Art.130 f)	Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación separado por illotes ou dispositivos de guía en sentido contrario ao estipulado.	500,00 € 250,00 €

Artigo 9.- Utilización da calzada e beiravías

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	009	1	1A	0	Grave Art.129 c)	Circular pola beiravía, non existindo razóns de urxencia, cun vehículo automóbil	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	009	1	1B	0	Grave Art.129 c)	Circular pola beiravía, non existindo razóns de urxencia, cun vehículo especial con m.m.a. superior á regulamentariamente establecida.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	009	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Non circular pola beiravía transitable da súa dereita o condutor do vehículo sinalado estando obrigado a utilizala	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	009	1	1D	0	Grave Art.129 c)	Non circular pola beiravía transitable da súa dereita o condutor do vehículo sinalado con m.m.a. que non exceda á regulamentariamente establecida, que por razóns de urxencia o faga a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación.	200,00 € 100,00 €



O.M.C.	009	2	2A	0	Grave Art.129 z)	Circular en posición paralela con outro vehículo, tendo ambos prohibida dita forma de circular.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	009	3	3A	0	Grave Art.129 c)	Circular cun automóbil ou vehículo especial por calzada de poboado con polo menos dous carrís para o mesmo sentido, cambiando de carril sen motivo xustificado, creando un obstáculo á circulación dos demais vehículos.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	009	3	3B	0	Grave Art.129 c)	Circular cun automóbil ou vehículo especial por calzada de poboado con polo menos dous carrís para o mesmo sentido, delimitados por marcas lonxitudinais, cambiando de carril sen motivo xustificado.	200,00 € 100,00 €

Artigo 10.- Dos axentes encargados da vixilancia do tráfico

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	010	2	2A	4	Grave Art.129 j)	Non respectar os sinais dos axentes da autoridade que regulan a circulación (deberá describirse brevemente o sinal desobedecido).	200,00 € 100,00 €

Artigo 11.- Sinais dos axentes de tráfico

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	011	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Non utilizar pezas de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores o persoal habilitado para regular a circulación en ausencia de axentes da circulación ou para o auxilio destes.	80,00 € 40,00 €

Artigo 12.- Regulación do tráfico por persoas distintas aos axentes de tráfico

O.M.C.	012	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Regular o tráfico o persoal autorizado de obras sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirreglamentario).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	012	3	3A	0	Leve Art.128 c)	Regular o tráfico o persoal autorizado distinto dos axentes da autoridade e persoal de obras sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirreglamentario).	80,00 € 40,00 €

Artigo 13. Normas xerais. (Sinais de circulación)

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
-------	------	------	------	------	--------------	------------------	-------------------



O.M.C.	013	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Reiniciar a marcha o condutor dun vehículo detido en cumprimento dun sinal de obrigación sen cumprir a prescrición que dita sinal establece (clarificar as circunstancias da infracción).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	013	3	3A	0	Art.128 c)	Non instalar en forma fixa a sinalización de obras cando estas teñan unha duración superior a 15 días.	80,00 € 40,00 €

Artigo 14.- Competencia e responsabilidade da sinalización

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	014	4	4A	0	Grave Art.129 c)	Non seguir as indicacións do persoal destinado a regular o paso en tramos en obras.	200,00 € 100,00 €

Artigo 15.- Catálogo oficial de sinais e marcas viais

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	015	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Utilizar un sinal que non cumpre as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirreglamentario).	80,00 € 40,00 €

Artigo 18.- Obrigacións relativas o mantemento, retirada, substitución e alteración de sinais

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	018	1	1A	0	Grave Art.129 b)	Non obedecer a orde de retirada dos sinais de circulación que sexan instalados sen autorización ou de forma antirreglamentaria.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	018	1	1B	0	Grave Art.129 b)	Non obedecer a orde de retirada, e se é o caso, substitución polo que sexa adecuado, dos sinais de circulación que perdan o seu obxecto (indicar as razóns para tal consideración).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	018	1	1C	0	Grave Art.129 b)	Non obedecer a orde de retirada, e se é o caso, substitución polo que sexa adecuada, dos sinais de circulación deteriorados (indicar a deterioración existente).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	018	2	2A	0	Moi grave Art.130 n)	Retirar, ocultar, alterar, instalar ou deteriorar a sinalización permanente ou ocasional nunha vía sen permiso ou causa xustificada.	3.000,00 € SEN REDUC
O.M.C.	018	2	2B	0	Moi grave Art.130 n)	Modificar o contido do sinal de tal modo que poida inducir a confusión ao resto dos usuarios (deberá indicarse a modificación efectuada).	3.000,00 € SEN REDUC
O.M.C.	018	2	2C	0	Moi grave Art.130 n)	Modificar o contido do sinal de tal modo que poida reducir a súa visibilidade ou eficacia (deberá indicarse a modificación efectuada).	3.000,00 € SEN REDUC



O.M.C.	018	2	2D	0	Moi grave Art.130 n)	Modificar o contido do sinal de tal modo que poida cegar aos usuarios da vía ou distraer a súa atención (deberá indicarse a modificación efectuada).	3.000,00 € SEN REDUC
--------	-----	---	----	---	-------------------------	--	-------------------------

Artigo 20.- Prevalencia dos sinais de circulación

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	013	2	2A	0	Leve Art.128c)	Non obedecer o sinal prioritario no caso de prescricións indicadas por diferentes sinais en aparente contradición.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	013	2	2B	0	Leve Art.128c)	Non obedecer o sinal máis restritivo no caso de prescricións indicadas por sinais do mesmo tipo en aparente contradición.	80,00 € 40,00 €

Artigo 22.- Prohibicións (Respecto da sinalización)

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	22	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Colocar sobre o sinal ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión ou distraer a súa atención, cando non afecten a seguridade do tráfico.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	022	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Colocar sobre o sinal adhesivos, panfletos ou outros elementos fixos ou provisionais, que limiten a visibilidade aos usuarios, poidan inducir a confusión ou distraer a súa atención, cando non afecten á seguridade do tráfico.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	022	3	3A	0	Leve Art.128 c)	Realizar o pintado de marcas ou lendas sobre a calzada, cando non afecten á seguridade do tráfico..	80,00 € 40,00 €

Artigo 24.- Normas xerais (Sinalización de obras e obstáculos)

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	024	1	1A	0	Moi grave Art.130m)	Non instalar a sinalización de obras na forma establecida regulamentariamente, poñendo en grave risco a seguridade viaria (deberán especificarse tódolos os extremos e circunstancias observadas no momento de detectarse os feitos denunciados para facilitar a determinación e persecución dos mesmos por parte das autoridades competentes).	3.000,00 € 1.500,00 €
O.M.C.	024	1	1B	0	Moi grave Art.130m)	Instalar a sinalización de obras en forma distinta ao disposto na normativa vixente, poñendo en grave risco a seguridade viaria (deberán especificarse tódolos os extremos e circunstancias observadas no momento de detectarse os feitos denunciados para facilitar a determinación e persecución dos mesmos por parte das autoridades competentes).	3.000,00 € 1.500,00 €
O.M.C.	024	1	1C	0	Grave Art.129 b)	Non sinalizar regulamentariamente as obras que dificulten a circulación viaria tanto de día como de noite(especificar o incumprimento detectado).	200,00 € 100,00 €



O.M.C.	024	1	1D	0	Grave Art.129 b)	Non balizar luminosamente as obras realizadas na viadurante as horas nocturnas.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	024	1	1E	0	Grave Art.129 b)	Non balizar luminosamente as obras realizadas na vía cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	024	1	1F	0	Grave Art.129 b)	Realizar obras ou actividades na vía non utilizando os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento específicos de obra.	200,00 € 100,00 €

Artigo 25.- Comunicación á autoridade responsable do tráfico

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	025	1	1A	0	Grave Art.129 b)	Non comunicar ao órgano responsable da xestión e regulación do tráfico a realización de obras na vía pública antes do seu inicio.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	025	1	1B	0	Grave Art.129 b)	Incumprir as instrucións ditadas pola autoridade responsable da xestión e control do tráfico, con ocasión da realización e sinalización de obras na vía pública (especificar o incumprimento detectado).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	025	3	3A	0	Grave Art.129 b)	Non comunicar ao órgano responsable da xestión e regulación do tráfico a realización de obras na vía pública de carácter urxente cando precisen o corte da vía ou a reordenación da circulación.	200,00 € 100,00 €

Artigo 26.- Obstáculos a circulación

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	026	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Non facer desaparecer canto antes un obstáculo ou perigo na vía por quen o creou (deberá indicarse o obstáculo ou perigo existente).	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	026	1	1B	0	Leve Art.128 c)	Non adoptar as medidas necesarias para advertir aos demais usuarios a existencia dun obstáculo ou perigo creado na vía polo propio denunciado.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	026	1	1C	0	Leve Art.128 c)	Non sinalizar de forma eficaz (tanto de día como de noite) un obstáculo ou perigo na vía por quen o creou (deberá indicarse a sinalización empregada ou a falta da mesma).	80,00 € 40,00 €

Artigo 27.- Sinalización complementaria

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	027	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Regular o tráfico por motivo de obras e obstáculos na calzada sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirregulamentario).	80,00 € 40,00 €



O.M.C.	27	2	2A	0	Leve Art.128 c)	Non utilizar pezas de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores o persoal habilitado para regular a circulación por motivo de obras.	80,00 € 40,00 €
--------	----	---	----	---	--------------------	--	--------------------

Artigo 30.- Restriccións a circulación de determinadas categorías

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	030	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Circular por unha vía contravindo a restrición ou limitación de circulación a determinados vehículos ordenada pola autoridade competente para evitar o entorpecemento daquela e garantir a súa fluidez.	80,00 € 40,00 €

Artigo 32.- Normas xerais (Circulación de bicicletas)

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	032	1	1A	0	Leve Art.128 c)	Circular cunha bicicleta pola beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	1	1B	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola beiravía da esquerda.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	1	1C	0	Grave Art.129 c)	Circular cunha bicicleta pola calzada existindo beiravía do seu lado dereito practicable.	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	032	1	1D	0	Art.128 c)	Circular por zona peonil en bicicleta sen respectar a prioridade de paso dos peóns ou a velocidade superior á do paso de persoas.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	4	4A	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta sen facelo polo carril máis próximo á beirarrúa.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	4	4B	0	Leve Art.128 c)	Circular cun ciclo ou bicicleta invadindo un carril ou zona reservada ao transporte público.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5A	0	Leve Art.128 c)	Circular un peón sobre un carril -bici.	80,00 € 40,00 €
O.M.C.	032	5	5B	0	Leve Art.128 c)	Non ceder o peón a preferencia de paso ás bicicletas nun carril- bici fóra de paso de peóns sinalizado.	80,00 € 40,00 €

Artigo 33.- Prioridade de paso de ciclistas

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
O.M.C.	033	1	1A	4	Grave Art.129c)	Non respectar a prioridade de paso para ciclistas, con risco para estes.	200,00 € 100,00 €

Artigo 34.- Interacción entre bicicletas e vehículos a motor

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
-------	------	------	------	------	--------------	------------------	----------------------



O.M.C.	034	1	1A	0	Grave Art.129 c)	Adiantar cun vehículo de motor a un ciclista deixando entre os dous unha separación inferior a 2 metros ou non utilizando o carril contiguo da calzada. (especificar o suposto acontecido).	200,00 € 100,00 €
O.M.C.	034	1	1B	0	Grave Art.129 ñ)	Circular cun vehículo de motor detrás dun ciclista sen manter unha distancia de seguridade de polo menos 5 metros.	200,00 € 100,00 €

Artigo 35.- Outras normas na circulación de bicicletas

NORMA	ART.	APT.	OPC.	PUN.	CALIFICACIÓN	TEXTO INFRACCIÓN	IMPORTE IMP. RED.
